

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2014 - 2015

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES Nº 1. RIBEIRA

Índice

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	9
1.1.EQUIPAMENTO E SERVIZOS DO CENTRO.....	9
1.1.1.Características do centro e a súa contorna.....	9
1.1.2.Características da comunidade educativa.....	10
1.1.3.Equipamento e servizos do centro.....	10
1.2.RELACIÓN DE PROFESORADO DO DEPARTAMENTO.....	11
1.3.REPARTO DOS GRUPOS.....	11
1.4.MATERIAL DO DEPARTAMENTO.....	12
1.5. LIBROS DE TEXTO.....	12
2.CURSOS.....	13
2.1.1º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	13
2.1.1.Obxectivos.....	13
2.1.2.Secuencia de contidos.....	13
2.1.3.Temporalización.....	15
2.1.4.Contribución da materia ao logro das competencias básicas.....	15
2.1.5.Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	16
2.1.6.Criterios de avaliación das competencias básicas.....	16
2.1.7.Contidos mínimos esixibles.....	18
2.1.8.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	19
2.1.8.1.Criterios de avaliación.....	19
2.1.8.2.Procedementos de avaliación.....	19
2.1.8.3.Instrumentos de avaliación.....	20
2.1.9.Criterios de cualificación	20
2.1.9.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	20
2.1.9.2.Cualificación da avaliación.....	22
2.1.9.3.Probas de recuperación.....	22

2.1.9.4.Criterios para determinar a cualificación final.....	22
2.1.10.Materiais e recursos didácticos.....	23
2.2.2º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	24
2.2.1.Obxectivos.....	24
2.2.2.Secuencia de contidos.....	24
2.2.3.Temporalización.....	26
2.2.4.Contribución da materia ao logro das competencias básicas.	26
2.2.5.Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	27
2.2.6.Criterios de avaliación das competencias básicas.....	28
2.2.7.Contidos mínimos esixibles.....	29
2.2.8.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	30
2.2.8.1.Criterios de avaliación.....	30
2.2.8.2.Procedementos de avaliación.....	31
2.2.8.3.Instrumentos de avaliación.....	31
2.2.9.Criterios de cualificación	32
2.2.9.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	32
2.2.9.2.Cualificación da avaliación.....	33
2.2.9.3.Probas de recuperación.....	33
2.2.9.4.Criterios para determinar a cualificación final	34
2.2.10.Materiais e recursos didácticos.....	34
2.3.3º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	35
2.3.1.Obxectivos.....	35
2.3.2.Secuencia de contidos.....	35
2.3.3.Temporalización.....	37
2.3.4.Contribución da materia ao logro das competencias básicas.	37
2.3.5.Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	38
2.3.6.Criterios de avaliación das competencias básicas.....	39

2.3.7.	Contidos mínimos esixibles.....	40
2.3.8.	Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	40
2.3.8.1.	Criterios de avaliación.....	40
2.3.8.2.	Procedementos de avaliación.....	41
2.3.8.4.	Instrumentos de avaliación.....	41
2.3.9.	Criterios de cualificación	42
2.3.9.1.	Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	42
2.3.9.2.	Cualificación da avaliación.....	43
2.3.9.3.	Probas de recuperación.....	43
2.3.9.4.	Criterios para determinar a cualificación final	44
2.3.10.	Materiais e recursos didácticos.....	44
2.4.3º	ESO. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO PDC.....	46
2.4.1.	Obxectivos.....	46
2.4.2.	Secuencia de contidos.....	47
2.4.3.	Temporalización.....	50
2.4.4.	Contribución da materia ao logro das competencias básicas.	51
2.4.5.	Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	52
2.4.6.	Criterios de avaliación das competencias básicas.....	52
2.4.7.	Contidos mínimos esixibles.....	54
2.4.8.	Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	55
2.4.8.1.	Criterios de avaliación.....	55
2.4.8.2.	Procedementos de avaliación.....	55
2.4.8.3.	Instrumentos de avaliación.....	56
2.4.9.	Criterios de cualificación.....	56
2.4.9.1.	Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	56
2.4.9.2.	Cualificación da avaliación.....	58
2.4.9.3.	Probas de recuperación.....	58

2.4.9.4.Criterios para determinar a cualificación final	58
2.4.10.Materiais e recursos didácticos.....	58
2.5.4º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	59
2.5.1.Obxectivos.....	59
2.5.2.Temporalización.....	59
2.5.3.Contribución da materia ao logro das competencias básicas.	61
2.5.4.Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	61
2.5.6.Criterios de avaliación das competencias básicas.....	63
2.5.7.Contidos mínimos esixibles.....	64
2.5.8.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	65
2.5.8.1.Criterios de avaliación.....	65
2.5.8.2.Procedementos de avaliación.....	65
2.5.8.3.Instrumentos de avaliación.....	66
2.5.9.Criterios de cualificación	67
2.5.9.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	67
2.5.9.2.Cualificación da avaliación.....	68
2.5.9.3.Probas de recuperación.....	68
2.5.9.4.Criterios para determinar a cualificación final	69
2.5.10.Materiais e recursos didácticos.....	69
2.6.4º ESO. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO PDC.....	70
2.6.1.Obxectivos.....	70
2.6.2.Secuencia de contidos.....	71
2.6.3.Temporalización.....	76
2.6.4.Contribución da materia ao logro das competencias básicas.	76
2.6.5.Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	77
2.6.6.Criterios de avaliación das competencias básicas.....	77
2.6.7.Contidos mínimos esixibles.....	79

2.6.8.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	80
2.6.8.1.Criterios de avaliación.....	80
2.6.8.2.Procedementos de avaliación.....	81
2.6.8.3.Instrumentos de avaliación.....	81
2.6.9.Criterios de cualificación	82
2.6.9.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	82
2.6.9.2.Cualificación da avaliación.....	83
2.6.9.3.Probas de recuperación.....	83
2.6.9.4.Criterios para determinar a cualificación final.....	84
2.6.10.Materiais e recursos didácticos.....	84
2.7.1º BAC. LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	85
2.7.1.Objectivos.....	85
2.7.2.Secuencia de contidos.....	86
2.7.3.Temporalización.....	89
2.7.4.Criterios de avaliación.....	92
2.7.5.Contidos mínimos esixibles.....	93
2.7.6.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	93
2.7.6.1.Criterios de avaliación.....	93
2.7.6.2.Procedementos de avaliación.....	94
2.7.6.3.Instrumentos de avaliación.....	94
2.7.7.Criterios de cualificación	95
2.7.7.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais....	95
2.7.7.2.Cualificación da avaliación.....	96
2.7.7.3.Probas de recuperación.....	96
2.7.7.4.Criterios para determinar a cualificación final	96
2.7.8.Materiais e recursos didácticos.....	97
2.8.2º BAC. LINGUA GALEGA E LITERATURA.....	98

2.8.1.Obxectivos.....	98
2.8.2.Secuencia de contidos.....	98
2.8.3.Temporalización.....	102
2.8.4.Criterios de avaliación.....	102
2.8.5.Contidos mínimos esixibles.....	102
2.8.6.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	103
2.8.6.1.Criterios de avaliación.....	103
2.8.6.2.Procedementos de avaliación.....	104
2.8.6.3.Instrumentos de avaliación.....	104
2.8.7.Criterios de cualificación	105
2.8.7.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais..	105
2.8.7.2.Cualificación da avaliación.....	106
2.8.7.3.Probas de recuperación.....	106
2.8.7.4.Criterios para determinar a cualificación final	106
2.8.8.Materiais e recursos didácticos.....	107
2.9.2º BAC. LITERATURA GAL. DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE...	109
2.9.1.Obxectivos.....	109
2.9.2.Secuencia de contidos.....	109
2.9.3.Temporalización.....	112
2.9.4.Criterios de avaliación.....	112
2.9.5.Contidos mínimos esixibles.....	113
2.9.6.Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos.....	114
2.9.6.1.Criterios de avaliación.....	114
2.9.6.2.Procedementos de avaliación.....	114
2.9.6.3.Instrumentos de avaliación.....	115
2.9.7.Criterios de cualificación	115
2.9.7.1.Criterios para determinar as cualificacións trimestrais..	115

2.9.7.2.Cualificación da avaliación.....	116
2.9.7.3.Probas de recuperación.....	117
2.9.7.4.Criterios para determinar a cualificación final	117
2.9.8.Materiais e recursos didácticos.....	117
3.METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	119
4.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	121
4.1.Programas de diversificación curricular.....	122
4.2.Programas específicos personalizados	122
5.AVAL. EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA....	122
6.MATERIAS PENDENTES.....	122
6.1.Plans de traballo para superación de materias pendentes na....	122
6.2.Procedementos para a cualificación das materias pendentes.....	122
6.3.Actividades de seguimento das materias pendentes no Bac.....	123
7.TEMAS TRANSVERSAIS NA ESO.....	123
8.TEMAS TRANSVERSAIS NO BACHARELATO.....	124
9.PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	124
10.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	125
11.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC...125	
12.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	126
13.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	127
14.CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....	127
15.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	127

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Vivimos nun contexto plurilingüe e nunha sociedade multicultural que nos proporciona gran cantidade de información a través de diversas canles. Por iso, e tendo en conta a cooficialidade de linguas na nosa autonomía, debemos formar cidadáns e cidadás que sexan quen de se integraren neste contexto manexando as destrezas necesarias para recibir, comprender, analizar e interpretar de xeito crítico a información. As linguas son, ademais, o instrumento básico da comunicación e da aprendizaxe, así que é imprescindible que o alumnado saiba expresarse e comprender oralmente e por escrito o contido dunha mensaxe.

É tamén un obxectivo prioritario coñecer e apreciar a nosa cultura como punto de partida para achegarse ao mundo, así como asentar o pracer pola lectura, e non é menos importante achegarse aos condicionantes históricos e sociais da nosa lingua e ás súas variedades xeográficas, ás súas peculiaridades fonolóxicas e fonéticas e aos usos sociais da mesma.

A todo o anterior hai que engadir o manexo das diversas fontes de información e a capacidade do alumnado para desenvolver a súa autonomía persoal no eido da comunicación e da cultura, polo que é fundamental, na ESO, centrámonos nas destrezas básicas para acadar a corrección expresiva, oral e escrita. Para iso cómpre dominar a ortografía, a fonoloxía, a gramática e o vocabulario básico da nosa lingua e tamén dominar a lectura comprensiva e crítica e coñecer a historia e as variedades do galego.

Nesta etapa de ensino obrigatorio non podemos esquecer o crecente número de alumnado inmigrante para o que arbitraremos materiais e medidas específicas centradas no desenvolvemento da súa capacidade comunicativa. Tamén se recollen na programación as medidas de atención á diversidade.

Poñeremos especial interese na programación de actividades que favorezan a integración e a participación do alumnado en colaboración co equipo directivo, o equipo de biblioteca e o equipo organizador da Semana das Letras, integrando así co coñecemento académico a educación en valores, a formación cultural e o desenvolvemento persoal.

Polo que se refire ao Bacharelato, esta programación céntrase no enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado e na ampliación dos seus saberes lingüísticos, sociolingüísticos, discursivos e literarios, segundo determina a LOE.

1.1. EQUIPAMENTO E SERVIZOS DO CENTRO

1.1.1. Características do centro e a súa contorna

O I.E.S. Nº1 está situado na localidade de Ribeira, na zona máis occidental de Galicia. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro, que conta cun elevado número de alumnos e alumnas, impártense os seguintes ensinamentos: E.S.O, Bacharelato, E.S.A, Bacharelato de Adultos e Alfabetización de Adultos.

O organigrama do centro presenta unha estrutura organizativa que inclúe Órganos de Goberno Colexiados (Consello Escolar e Claustro de Profesores) e Unipersoais (Directora, Xefa de Estudos de diúrno/Xefe de Estudos de nocturno, Vicedirectora e Secretaria). Outros Órganos son os Departamentos, o Departamento de Orientación, os Tutores, as Xuntas de Avaliación e a Xunta de delegados de curso.

1.1.2. Características da comunidade educativa

O Claustro de profesores está composto por un amplo elenco de profesores, a meirande parte deles con destino definitivo. A estabilidade laboral do profesorado é unha característica que define o Centro.

As familias dos nenos e nenas escolarizados son, fundamentalmente, de clase traballadora. Nunha alta porcentaxe delas traballan tanto os pais coma as nais.

No que respecta ao alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe, aparecen tres grupos claramente diferenciados:

- a) Alumnos con leves problemas de aprendizaxe.
- b) Alumnos con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.
- c) Alumnos con problemas de adaptación social e escolar.

1.1.3. Equipamento e servizos do centro

O IES N° 1 de Ribeira dispón dos seguintes recursos espaciais:

-Biblioteca. Dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica e PDAs para a xestión docente. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.

-Distintas aulas dotadas con material específico como canóns, DVD, vídeo, pantallas, taboleiros, televisión, radiocasete, ordenador, internet...etc.

-Aula de informática equipadas con ordenadores con acceso a Internet.

-Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet

-Aula de música.

-Laboratorios de Física, Química e Ciencias Naturais.

-Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica.

-Departamento de orientación: unha Orientadora, un PT e unha segunda PT a media xornada encárganse de dar apoio no proceso de ensino-aprendizaxe, centrado na atención á diversidade, asesoramento e apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, orientación académica e profesional...

- Salón de actos, cun aforo dunhas 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Pavillón polideportivo.
- Servizo de reprografía e informática.
- Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías...etc.
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín e patio cuberto.

1.2. RELACIÓN DE PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua Galega e Literatura está composto polos seguintes membros, todos eles con destino definitivo no IES N° 1:

- Francisco Eduardo Cabañas Díaz. Xefe de departamento.
- María Cristina Andrade González
- Concepción Prado Baña
- María do Carme Pallares Leal
- Dolores Calo García
- Concepción Armas Quintá
- Manuel Mariño González

1.3. REPARTO DOS GRUPOS

Grupos, niveis e horas impartidas

O presente curso corresponde a este departamento impartir as seguintes materias:

- Lingua galega e Literatura 1º ESO (3 grupos): Manuel Mariño González.
- Lingua galega e Literatura 2º ESO (3 grupos): Manuel Mariño González (1 grupo), Dolores Calo García (1 grupo) e Concepción Armas Quintá (1 grupo).
- Lingua galega e Literatura 3º ESO (3 grupos): Dolores Calo García.
- Ámbito socio-lingüístico de PDC 3º ESO (1 grupo): María Cristina Andrade.
- Lingua galega e Literatura 4º ESO (3 grupos): María do Carme Pallares Leal.
- Ámbito socio-lingüístico 4º ESO (1 grupo): Francisco Eduardo Cabañas Díaz.
- Lingua galega e Literatura 1º BAC (4 grupos): María do Carme Pallares Leal (3 grupos) e Dolores Calo García (1 grupos).
- Lingua galega e Literatura 2º BAC (4 grupos): Concepción Prado Baña (2 grupos), María Cristina Andrade González (1 grupo) e Francisco Eduardo Cabañas Díaz (1

grupo).

- Ámbito de comunicación da E.S.A (1 grupo): Concepción Armas Quintá.
- Lingua galega e Literatura 1º BAC Adultos (2 grupos): Concepción Armas Quintá.
- Lingua galega e Literatura 2º BAC Adultos (2 grupos): Francisco Eduardo Cabañas Díaz (1 grupo) e María Cristina Andrade González (1 grupo).
- Literatura Galega do século XX e da actualidade Adultos (1 grupo): María Cristina Andrade González.
- Atención a alumnado con materias pendentes (2 horas): Francisco Eduardo Cabañas Díaz.
- Ámbito Lingüístico Social da FP Básica (1 grupo): Concepción Armas Quintá.
- Reforzo educativo de 1º ESO (2 grupos): María do Carme Pallares Leal e Dolores Calo García.
- Agrupamento de 2º ESO (1 grupo): Manolo Mariño González (1 grupo).

1.4. MATERIAL DO DEPARTAMENTO

O Departamento dispón de variado material didáctico (libros de texto e exercicios, dicionarios, cadernos), libros de lectura e material multimedia para utilización do profesorado e do alumnado. Amais deles, úsanse outros recursos cos que conta o centro relacionados coas TIC, co Proxecto Lector e con outros equipos dinamizadores do centro.

1.5. LIBROS DE TEXTO

En todos os niveis da ESO emprégase libro de texto, todos eles (*Lingua galega e literatura 1º ESO, Lingua galega e literatura 2º ESO, Lingua galega e literatura 3º ESO, Lingua galega e literatura 4º ESO*) da Editorial Anaya. No Ámbito Sociolingüístico de 3º e 4º empréganse cadernos e material elaborado polo profesorado. En 1º e 2º de Bacharelato, tanto en Lingua galega e literatura como en Literatura galega do século XX e da actualidade, emprégase material elaborado polo profesorado.

2. CURSOS

2.1. 1º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA

2.1.1. Obxectivos

- ✓ Utilizar a lingua galega para a comprensión e para a elaboración de discursos orais e escritos, atendendo ás características formais de cada un deles.
- ✓ Aplicar as regras de acentuación.
- ✓ Utilizar correctamente os signos de puntuación.
- ✓ Recoñecer e utilizar a correcta ortografía das palabras.
- ✓ Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución, recoñecendo a importancia de normalizalo e valorando o plurilingüismo como reflexo da diversidade cultural.
- ✓ Coñecer os elementos do acto comunicativo e identificar a función comunicativa dun texto.
- ✓ Identificar os elementos formais e os mecanismos da lingua nos planos fonético-fonolóxico e morfosintáctico.
- ✓ Coñecer o vocabulario básico das unidades e os mecanismos léxico-semánticos da nosa lingua.
- ✓ Recoñecer e analizar as peculiaridades da lingua literaria así como os elementos temáticos, estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario diferenciando e recoñecendo os distintos xéneros.
- ✓ Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, apreciando a literatura como fonte de enriquecemento persoal e como estímulo para unha práctica literaria propia.

2.1.2. Secuencia de contidos

1ª avaliación

- * Expresión oral e escrita con corrección e fluidez e participación en actividades de expresión oral respectando as quendas de intervención.
- * Realización duna lectura fluída e comentario de textos propostos.
- * Recoñecemento, análise e produción textos de tipo persoal (diario, carta).
- * Identificación e análise dos elementos e a intención que interveñen no acto comunicativo.
- * Coñecemento do vocabulario básico relacionado coa hixiene, o corpo humano, a saúde e os sentidos.
- * Utilización do dicionario.
- * Coñecemento e aplicación dos conceptos de campo semántico, sinónimos, familia léxica e sufixo.
- * Coñecemento e aplicación das normas de acentuación.
- * Identificación e clasificación das clases de palabras.

- * Diferenciación de fonemas e letras e separación de palabras en sílabas, distinguindo ditongos e hiatos.
- * Coñecemento e aplicación das regras básicas de gramática: xénero e número.
- * Coñecemento o adxectivo cualificativo e a súa gradación.
- * Identificación e diferenciación de texto e oración.
- * Identificación do plurilingüismo.
- * Coñecemento das peculiaridades da lingua literaria culta e popular así como os xéneros literarios.
- * Aplicación dos pasos básicos na elaboración de pequenos textos literarios seguindo as indicacións propostas.
- * Demostración da realización das lecturas propostas.

2ª avaliación

- * Expresión oral e escrita con corrección e fluidez e participación en actividades de expresión oral respectando as quendas de intervención.
- * Realización duna lectura fluída e comentario de textos propostos.
- * Identificación e análise de textos periodísticos como instrumentos para coñecer a realidade actual.
- * Identificación e comentario de textos descritivos e redacción de descrições de persoas, espazos e animais como medio para valorar a ecoloxía, a diversidade e a convivencia.
- * Coñecemento do vocabulario básico relacionado co pensamento, a alimentación, o vestiario e o carácter.
- * Utilización do dicionario.
- * Aplicación do proceso de derivación utilizando prefixos.
- * Identificación e análise de palabras polisémicas, homónimas e homófonas.
- * Coñecemento e aplicación das normas de puntuación.
- * Emprego axeitado do artigo e realización das contraccións coas preposicións.
- * Identificación utilización correcta dos pronomes persoais e os distintos tipos de determinantes.
- * En textos narrativos, identificación de relato e novela e a súa estrutura, analizando o argumento, o narrador, o diálogo, o espazo, o tempo e os personaxes.
- * Nunha composición poética identificación de versos de arte maior e menor, realización do cómputo silábico e identificación de sinalefas.
- * Redacción de textos creativos persoais e innovadores utilizando correctamente o punto de xiro e os conectores textuais.
- * Coñecemento e comprensión da situación do idioma galego afirmándoo como lingua propia de Galicia así como as súas orixes e a súa historia.
- * Demostración da realización das lecturas propostas.

3ª avaliación

- * Expresión oral e escrita con corrección e fluidez e participación en actividades de expresión oral respectando as quendas de intervención.
- * Realización duna lectura fluída e comentario de textos propostos.
- * Análise, comentario e redacción de textos predictivos, explicativos, instrutivos e argumentativos.
- * Coñecemento do vocabulario básico relacionado coas ferramentas, os sentimentos, os deportes e os utensilios de cociña.

- * Utilización do dicionario.
- * Coñecemento e identificación da conjugación verbal, as categorías verbais e os compoñentes formais dos verbos.
- * Conjugación correcta dos verbos regulares a partir dos modelos e os verbos que presentan variacións.
- * Conjugación con corrección de verbos irregulares.
- * Identificación e clasificación dos adverbios e as locucións adverbiais.
- * Coñecemento, identificación e clasificación dos tipos de oracións polos seus compoñentes básicos e pola intención do falante.
- * Emprego correcto dalgunhas grafías dubidasas (*h, b e v, s e x, ll, i e x*).
- * Coñecemento dos mecanismos da formación de palabras compostas e identificación e clasificación das palabras en simples, derivadas e compostas.
- * Nunha composición poética identificación da rima e as figuras literarias propostas (comparación, metáfora e personificación).
- * Nun texto teatral, identificación dos elementos que o caracterizan como tal.
- * Redacción de textos imaxinativos e innovadores utilizando os recursos do xénero lírico, do dramático e tamén a partir de cancións.
- * Interiorización da importancia da normalización lingüística.
- * Identificación das principais características dun cómic e aplicación en creacións propias.
- * Demostración da realización das lecturas propostas.

2.1.3. Temporalización

Tomando como referencia o libro de texto que se manexa este curso (*Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya) a distribución de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4
- 2ª avaliación: unidades 5-8
- 3ª avaliación: unidades 9-12
- Traballarase cunha biblioteca de aula para promover a lectura no alumnado deste nivel.
- Dentro do Proxecto Lector do Centro, dedícase unha hora semanal á lectura.

2.1.4. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

A propia natureza da materia implica unha maior contribución á competencia en comunicación lingüística que a calquera outra, aínda que incide directa ou indirectamente en todas elas.

❖ Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Definir e utilizar palabras con corrección.
- Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Entender as causas das regras da lingua.
- Analizar textos literarios e non literarios diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
- Expoñer información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á

situación comunicativa.

❖ **Autonomía e iniciativa persoal**

- Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deducir información e extraer conclusións.
- Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razoar e argumentar unha opinión.
- Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ **Tratamento da información e competencia dixital**

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos, no contexto do programa ABALAR.

❖ **Competencia social e cidadá**

- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.

❖ **Competencia para aprender a aprender**

- Elaborar e interpretar resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localizar a idea central dun texto, identificar o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ **Competencia cultural e artística**

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.

2.1.5. Procedementos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

2.1.6. Criterios de avaliación das competencias básicas

❖ **Relacionadas coa competencia en comunicación lingüística**

- Recoñece a función dun diario e as súas características peculiares e redacta correctamente textos persoais.
- Analiza os elementos que integran unha noticia periodística e recoñece a súa intención e busca a resposta ás preguntas básicas.

- Realiza descrições utilizando os recursos propios deste tipo de textos.
- Recoñece as características propias dos textos predictivos, explicativos, instrutivos e argumentativos e é capaz de reproducilas en textos propios.
- Divide unha palabra en sílabas e aplica as regras de acentuación.
- Aplica correctamente os signos de puntuación.
- Emprega correctamente grafías dubidosas.
- Comprende a pluralidade lingüística, a evolución da lingua galega e recoñece como lingua propia de Galicia.
- Recoñece a importancia da normalización dunha lingua para a súa supervivencia.
- Recoñece un acto comunicativo.
- Recoñece as distintas clases de textos segundo a intención comunicativa coa que foron escritos.
- Coñece o abecedario e os fonemas.
- Nun texto dado, diferencia parágrafos e identifica as oracións.
- Clasifica palabras segundo as categorías gramaticais e di se son variables ou invariables.
- Identifica os tipos de substantivos e coñece o xénero e o número.
- Utiliza correctamente os adxectivos e identifica os graos.
- Coñece as distintas clases de pronomes e determinantes e a súa función.
- Coñece os verbos.
- Identifica e clasifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función.
- Identifica as oracións, recoñece se son simples ou compostas e clasifícaaas segundo a intención do emisor.
- Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- Comprende o concepto de «campo semántico» e aplica en actividades dadas.
- Recoñece e busca sinónimos de palabras dadas.
- Diferencia os lexemas e os morfemas dunha palabra e analiza os sufixos de palabras derivadas dadas.
- Forma familias léxicas a partir de palabras dadas, identifica prefixos e forma palabras derivadas.
- Identifica e diferencia as palabras polisémicas, homónimas e homófonas e explica os seus significados.
- Forma palabras compostas e analiza os compoñentes dalgúns compostos dados.
- Discrimina palabras simples, derivadas e compostas.
- Recoñece e clasifica textos literarios.
- Comenta textos literarios de diferentes xéneros.
- Redacta textos creativos.
- Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas á súa idade.

❖ Relacionadas coa competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Planifica tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deduce información e extrae conclusións.
- Elabora un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razona e argumenta unha opinión.
- Busca semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostra a capacidade para relacionar contidos.
- Valora o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto

persoais como profesionais.

- ❖ Relacionadas co tratamento da información e competencia dixital
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos, no contexto do programa ABALAR.
 - Participa na elaboración dun *blog*.

- ❖ Relacionadas coa competencia social e cidadá
 - Debate sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
 - Relaciónase cos demais con educación e tolerancia.

- ❖ Relacionadas coa competencia para aprender a aprender
 - Elabora e interpreta resumos, fichas, cadros e esquemas.
 - Analiza o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
 - Localiza a idea central dun texto, identifica o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

- ❖ Relacionadas coa competencia cultural e artística
 - Valora a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
 - Desenvolve a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.

2.1.7. Contidos mínimos esixibles

- Expresión oral e escrita fluída e con corrección ortográfica.
- Lectura fluída.
- Identificación e análise de distintos tipos de textos.
- Coñecemento do vocabulario básico.
- Identificación dos elementos e a intención que interveñen no acto comunicativo.
- Identificación dos conceptos de campo semántico, sinónimos, familia léxica e os mecanismos de formación de palabras.
- Coñecemento e aplicación das normas de acentuación.
- Identificación e clasificación das clases de palabras.
- Diferenciación de fonemas e letras e separación de palabras en sílabas, distinguindo ditongos e hiatos.
- Identificación e diferenciación de texto e oración.
- Coñecemento das peculiaridades da lingua literaria culta e popular así como os xéneros literarios.
- Identificación de palabras polisémicas, homónimas e homófonas.
- Aplicación das normas de puntuación.

- Identificación e análise de textos narrativos, poéticos e dramáticos.
- Coñecemento e comprensión da situación do idioma galego como lingua propia de Galicia así como as súas orixes e a súa historia.
- Coñecemento e conxugación de verbos.
- Identificación de distintos tipos de oración.
- Demostración da realización das lecturas propostas.

2.1.8. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.1.8.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorárase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.1.8.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque, ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas, debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.1.8.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

-As propias producións dos alumnos (probos orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)

-O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.1.9. Criterios de cualificación

2.1.9.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	70%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa e caderno de clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións destas actividades.	10%

C	Caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumno na clase	O profesor valorará de 0 a 10 puntos a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación que cada alumno tivo ao longo de cada avaliación	10%
D	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ¹	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Obviamente, o emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, é absolutamente imprescindible para aprobar. Cómpre lembrar, neste sentido, que non hai outro xeito de acadar unha competencia axeitada dunha lingua que usándoa. Nas probas escritas, os exames incluírán unha **parte teórica** e unha **parte práctica**, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. **Para acadar unha cualificación positiva é necesario responder a cada un destes dous apartados.** Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiráraselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerárase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

No **apartado C** o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender. Os alumnos que non empreguen o galego oralmente e por escrito en todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso serán cualificados cun 0 neste apartado.

¹ Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

No **apartado D** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura dos libros propostos como obrigatorios en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,7 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1 + \text{Dx}0,1.$$

2.1.9.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas as demais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Por riba desta cualificación farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.1.9.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B, C e D. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.1.9.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería

de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerárase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

2.1.10. Materiais e recursos didácticos

Utilizarase o libro de texto *Lingua galega e literatura 1* da editorial Anaya e traballarase cos recursos TIC do proxecto ABALAR, amais dunha biblioteca de aula para promover a lectura no alumnado deste nivel e o Dicionario. Tamén se utilizarán fichas e outros materiais elaborados polo profesorado.

LECTURAS:

- Tonecho de Rebordechao* (Galaxia-Árbore), de Breogán Ribeiro
- Contos por palabras* (Xerais), de Agustín Fernández Paz
- Amigos en tempo real* (Galaxia), de Ramiro A. Álvarez

As lecturas na aula serán *O achado do castro* (Sotelo Blanco), de Manuel Núñez Singala e *Historia da lingua galega* (A Nosa Terra), de Pepe Carreiro. Ademais, dentro do Proxecto Lector do Centro, levarase a cabo unha actividade con carácter voluntario que axudará a subir nota (ata un máximo dun punto) a aqueles alumnos e alumnas que así o desexen: os participantes escollerán entre a oferta de lecturas da Biblioteca as da súa preferencia e elaborarán sobre elas cadanseu Diario de Lectura.

2.2. 2º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA

2.2.1. Obxectivos

- ✓ Ler un texto literario con fluidez e realizar o comentario correspondente seguindo criterios establecidos.
- ✓ Recoñecer as características propias dos textos periodísticos, ensaísticos, instrutivos, normativos e expositivos para comprender os textos alleos e mellorar as propias producións.
- ✓ Ampliar o vocabulario básico relacionado coa festa, a xustiza, o deporte, os alimentos, as compras, a descrición física e a forma de ser das persoas, a fauna, a flora, etc. e identificar palabras polisémicas, homónimas, termos antónimos, campos semánticos e familias léxicas, topónimos, termos complementarios, a formación de xentilicios, os termos recíprocos e os hipocorísticos.
- ✓ Coñecer os mecanismos de formación de palabras e clasificalas, así como a morfoloxía, usos, valores e colocación de substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos e perífrases, adverbios e preposicións.
- ✓ Identificar e analizar as unidades sintácticas e as relacións que se establecen entre elas na oración simple así como clasificar as oracións simples.
- ✓ Entender a evolución histórica e a realidade sociolingüística e o *status* do galego no conxunto das linguas do estado, de Europa e do mundo, o seu marco legal e as súas variedades xeográficas, sociais e situacionais así como os conceptos de *lingua minorizada* e *lingua dominante*, *conflito lingüístico*, *lingua inicial* e *lingua habitual*, *competencia* e *actitude lingüística*, *bilingüismo* e *diglosia* e *normalización lingüística*.
- ✓ Aplicar correctamente na práctica as regras de acentuación, os signos de puntuación e as maiúsculas e a grafía de palabras que poden ofrecer dificultades.
- ✓ Coñecer as características dos textos literarios, populares e cultos, do xénero narrativo, lírico e teatral así como os recursos literarios máis frecuentes.
- ✓ Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

2.2.2. Secuencia de contidos

1ª avaliación

- Expresión oral e escrita con corrección e fluidez e participación en actividades de expresión oral respectando as quendas de intervención.
- * Lectura e comentario de textos narrativos propostos, anotación do vocabulario novo e valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal e pracer.
- * Identificación de diferentes xéneros periodísticos e da ficha dunha película.
- * Identificación da idea principal e das ideas secundarias dun texto e elaboración de resumos.
- * Coñecemento e aplicación do vocabulario relacionado cos xogos, a flora e a fauna, o aspecto físico das persoas e a festa. Recoñecemento de termos complementarios e identificación de palabras polisémicas e homónimas, manifestando interese por

enriquecer o vocabulario.

- * Identificación dos compoñentes das palabras compostas e derivadas.
- * Identificación e clasificación dos substantivos coñecemento dos mecanismos de formación do xénero e o número.
- * Identificación e clasificación dos distintos tipos de adxectivos coñecendo o seu uso e aplicación correcta das partículas comparativas.
- * Actitude reflexiva no uso da lingua.
- * Análise sintáctica dunha oración e os seus compoñentes básicos: tipos de frases e de suxeitos.
- * Valoración do bilingüismo como unha riqueza cultural que cómpre conservar, e identificación dalgunhas formas de prexuízos lingüísticos..
- * Aplicación adecuada das regras de acentuación.
- * Identificación das características propias dun texto literario de carácter culto e de carácter tradicional e recoñecer e analizar estruturas de textos narrativos.
- * Identificación dos principais recursos literarios do nivel fónico e do nivel semántico.
- * Redacción de textos creativos propios a partir da lectura doutros alleos.
 - * Demostración da realización das lecturas propostas.

2ª avaliación

- Expresión oral e escrita con corrección e fluidez e participación en actividades de expresión oral respectando as quendas de intervención.
- * Lectura e comentario de textos narrativos propostos, anotación do vocabulario novo e valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal e pracer.
- * Elaboración de textos de distinto tipo.
- * Coñecemento e aplicación do vocabulario relacionado coa manifestación do medo, a xustiza e o deporte; identificación de termos recíprocos e antónimos; formación de palabras derivadas e xentilicios e diferenciación entre familia léxica e campo semántico.
- * Identificación e clasificación dos determinantes e coñecemento dos seus usos e contraccións.
- * Identificación, clasificación e coñecemento dos usos e a colocación dos pronomes persoais.
- * Conxugación e utilización adecuada dos verbos regulares e con variacións.
- * Identificación das oracións simples, diferenciación entre predicado verbal e nominal, identificación de verbos transitivos e intransitivos e da función de complemento directo.
- * Reflexión acerca das consecuencias dos prexuízos lingüísticos, evitar as interferencias co castelán e utilización correcta dos topónimos galegos.
- * Uso correcto dos signos de puntuación e da ortografía dalgunhas palabras que poden ofrecer dificultades.
- * Identificación das características da microficción e análise da persoa narrativa, do tempo, do espazo, dos personaxes e do diálogo.
- * Redacción de textos creativos propios a partir da lectura doutros alleos.
- * Demostración da realización das lecturas propostas.

3ª avaliación

- Expresión oral e escrita con corrección e fluidez e participación en actividades de expresión oral respectando as quendas de intervención.
- Lectura e comentario de textos narrativos propostos, anotación do vocabulario novo e valoración da lectura como fonte de enriquecemento persoal e pracer.
- Elaboración de textos de distinto tipo.
- * Coñecemento e aplicación do vocabulario relacionado cos alimentos, a forma de ser das persoas, as compras, etc.
- * Identificación de topónimos e hipocorísticos e formación de xentilicios.
- * Conxugación e uso correcto dos verbos irregulares, as formas nominais e clasificación das perífrases verbais.
- * Identificación e clasificación de adverbios e preposicións.
- * Identificación e análise dos complementos do verbo. Diferenciación de oracións en voz activa e voz pasiva e clasificación dos distintos tipos de oracións.
- * Entender os conceptos de normalización lingüística e normalización cultural e recoñecer textos nos que se reflicta o sentimento de pertenza á comunidade galego-falante.
- * Uso correcto da ortografía de palabras con grafías dubiosas, como *n* e *ñ*, determinadas vogais, grupos consonánticos con *l* e *r*, *cc* e *ct*.
- * Recoñecemento das peculiaridades da linguaxe poética e identificación de certos recursos estilísticos moi comúns.
- * Análise e clasificación de textos teatrais.
- * Interpretación e redacción de distintos tipos de textos propios a partir da lectura doutros alleos.
- * Demostración da realización das lecturas propostas.

2.2.3. Temporalización

Tomando como referencia o libro de texto que se manexa este curso (*Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya) a distribución de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4
- 2ª avaliación: unidades 5-8
- 3ª avaliación: unidades 8-12
- Traballarase a lectura en colaboración co Proxecto lector, lendo un mínimo de dous libros por avaliación e cubrindo a correspondente ficha de lectura de cada un deles.

2.2.4. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

A propia natureza da materia implica unha maior contribución á competencia en comunicación lingüística que a calquera outra, aínda que incide directa ou indirectamente en todas elas.

❖ Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de

- diferentes textos.
- Definir e utilizar palabras con corrección.
 - Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
 - Entender as causas das regras da lingua.
 - Recoller por escrito as conclusións aceptadas por un grupo.
 - Analizar textos literarios e non literarios diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
 - Expoñer información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.
- ❖ **Autonomía e iniciativa persoal**
 - Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
 - Deducir información e extraer conclusións.
 - Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
 - Razoar e argumentar unha opinión.
 - Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
 - Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
 - Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.
- ❖ **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos, no contexto do programa ABALAR.
- ❖ **Competencia social e cidadá**
 - Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
 - Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.
- ❖ **Competencia para aprender a aprender**
 - Elaborar e interpretar resumos, fichas, cadros e esquemas.
 - Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
 - Localizar a idea central dun texto, identificar o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.
- ❖ **Competencia cultural e artística**
 - Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
 - Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
 - Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.2.5. Procedementos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e

escrita, así como exercicios de gramática.

2.2.6. Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas

- ❖ Relacionadas coa competencia en comunicación lingüística
- Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo.
- Comenta un texto narrativo seguindo uns criterios dados.
- Identifica os elementos propios dunha noticia e as 6 cuestións clave que debe responder.
- Le e comenta unha reportaxe periodística e unha crónica seguindo as características propias deste subxénero.
- Analiza as peculiaridades lingüísticas dun texto instrutivo.
- Coñece a estrutura dunha solicitude oficial e aplícaa nun texto propio.
- Coñece os pasos necesarios para preparar correctamente unha conferencia.
- Recoñece as características de distintos tipos de textos persoais (carta, correo electrónico, notas, SMS).
- Recoñece e clasifica conectores e comprende cal é a súa función e analiza os mecanismos que proporcionan cohesión a un texto.
- Nun texto, identifica a idea principal e as secundarias que a amplían ou explican, elabora esquemas e realiza o resumo seguindo o procedemento adecuado.
- Aplica en diferentes contextos o vocabulario estudado.
- Identifica e diferencia palabras homófonas, polisémicas, homónimas e parónimas.
- Recoñece os termos contrarios e identifica, dentro deles, os antónimos, os recíprocos e os complementarios.
- Agrupa palabras segundo o campo semántico ao que pertencen.
- Identifica e clasifica topónimos e relaciona e forma os correspondentes xentilicios.
- Recoñece antropónimos e clasifícaaos segundo o seu significado.
- Identifica hipocorísticos e relaciónaaos co nome propio correspondente.
- Identifica o lexema e os diferentes morfemas das palabras, clasifícaaas en simples, derivadas, compostas e parasintéticas e agrúpaas por familias léxicas.
- Diferencia substantivos segundo o seu significado e coñece as regras de formación do feminino e do plural.
- Clasifica adxectivos en especificativos e explicativos, forma o feminino de adxectivos rematados en *-án* ou *-ano* e utiliza correctamente as partículas comparativas.
- Identifica e clasifica os determinantes dun texto e recoñece os usos especiais de demostrativos e posesivos.
- Recoñece e diferencia o uso das formas átonas dos pronomes persoais, e aplica correctamente as normas de colocación.
- Conxuga correctamente verbos regulares e irregulares e identifica e clasifica as perífrases.
- Recoñece e clasifica adverbios, preposicións e conxuncións.
- Identifica e clasifica as oracións simples e compostas.
- Recoñece os distintos tipos de suxeito e predicado dunha oración e identifica as frases que a integran así como os seus constituíntes.
- Analiza a situación actual do galego a partir da súa evolución histórica, o seu marco legal e o seu status no conxunto do Estado e en Europa e comprende os conceptos de *lingua dominante* e *minorizada*, *competencia* e *actitude lingüística*, *bilingüismo* e *diglosia*, *normalización lingüística*, etc.

- Coñece algúns trazos distintivos da fala dos tres bloques lingüísticos de Galicia.
- Distingue claramente os diferentes niveis e rexistros de lingua.
- Aplica correctamente as regras de acentuación, de puntuación e grafías dubidasas tratadas.
- Recoñece as características, a estrutura e os recursos de textos literarios de diferentes xéneros, épocas e estilos.
- Redacta un texto creativo a partir de diferentes situación e recursos.

❖ Relacionadas coa competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Planifica tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deduce información e extrae conclusións.
- Elabora un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razona e argumenta unha opinión.
- Busca semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostra a capacidade para relacionar contidos.
- Valora o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ Relacionadas co tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos, no contexto do programa ABALAR.

❖ Relacionadas coa competencia social e cidadá

- Debate sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relaciónase cos demais con educación e tolerancia.

❖ Relacionadas coa competencia para aprender a aprender

- Elabora e interpreta resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analiza o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localiza a idea central dun texto, identifica o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ Relacionadas coa competencia cultural e artística

- Valora a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolve a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valora a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñece en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.2.7. Contidos mínimos esixibles

- Expresión oral, lectura e escrita fluída e con corrección ortográfica.
- Identificación e análise de distintos tipos de textos.

- Coñecemento do vocabulario básico.
- Identificación dos compoñentes dunha palabra, clasificación segundo a súa estrutura e formación de familias léxicas e campos semánticos.
- Identificación de topónimos, recíprocos, hipocorísticos, antónimos, sinónimos e complementarios.
- Identificación e clasificación das clases de palabras (substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, adverbios, preposicións e conxuncións) e coñecemento das súas características gramaticais.
- Conxugación e utilización adecuada dos verbos.
- Análise sintáctica dunha oración, os seus compoñentes e funcións e clasificación das oracións.
- Valoración do plurilingüismo e reflexión sobre o status da lingua galega, as interferencias lingüísticas e os prexuízos con respecto á lingua.
- Aplicación adecuada das regras de acentuación e puntuación e das normas ortográficas.
- Análise e comentario de textos narrativos, líricos e dramáticos identificando os principais recursos literarios e as características propias dos distintos subxéneros.
- Demostración da realización das lecturas propostas.

2.2.8. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.2.8.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.2.8.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.2.8.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

- As propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)
- O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.2.9. Criterios de cualificación

2.2.9.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	70%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa e caderno de clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións destas actividades.	10%
C	Caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumno na clase	O profesor valorará de 0 a 10 puntos a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación que cada alumno tivo ao longo de cada avaliación	10%
D	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ²	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

2 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

Nas probas escritas os exames incluírán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

No **apartado C** o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender. Os alumnos que non empreguen o galego oralmente e por escrito en todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso serán cualificados cun 0 neste apartado.

No **apartado D** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,7 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1 + \text{Dx}0,1.$$

2.2.9.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas as demais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.2.9.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da

cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B, C e D. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.2.9.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

2.2.10. Materiais e recursos didácticos

Utilizarase o libro de texto *Lingua galega e literatura 2* da editorial Anaya e traballarase cos recursos TIC do proxecto ABALAR e o Dicionario. Tamén se utilizarán fichas e outros materiais elaborados polo profesorado.

Traballarase a lectura en colaboración co Proxecto lector, lendo un mínimo de 1 libro por avaliación e cubrindo a correspondente ficha de lectura de cada un deles. Os libros para este ano son os seguintes:

-*Cartas de inverno* (Ed. Xerais), de Agustín Fernández Paz

-*A pomba e o degolado* (Ed. Xerais), de Fina Casalderrey

-O novo diario dun xove maniático (Ed. Xerais), de Aidan Macfarlane e Ann MacPherson

A maiores destes libros, de carácter obrigatorio, ofertaranse outros, optativos, para aqueles alumnos e alumnas que queiran subir nota.

2.3. 3º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA

2.3.1. Obxectivos

- ✓ Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- ✓ Analizar e escribir textos de diverso tipo.
- ✓ Identificar os xéneros periodísticos.
- ✓ Identificar o tema principal e as ideas secundarias en textos de diferente tipo e elaborar esquemas e resumos que as estruturen visualmente.
- ✓ Recoñecer a estrutura dos textos en parágrafos e saber organizar a información nos textos de elaboración propia.
- ✓ Aplicar as regras de acentuación.
- ✓ Utilizar correctamente os signos de puntuación.
- ✓ Recoñecer e utilizar a correcta ortografía das palabras.
- ✓ Coñecer a orixe, evolución e composición da lingua galega.
- ✓ Recoñecer semántica e formalmente as clases de palabras.
- ✓ Coñecer o vocabulario básico relacionado cos sentimentos e as emocións, os antropónimos, o tempo atmosférico, as formas de ser, as artes, as árbores, froitos e flores, o teatro e outros espectáculos, a informática e o universo virtual, a prensa, a paisaxe natural, os topónimos e os xogos de onte e hoxe.
- ✓ Coñecer e consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- ✓ Coñecer as principais características e xéneros da literatura popular.
- ✓ Recoñecer as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde a Idade Media ata o século XIX.
- ✓ Realizar as lecturas de obras propostas como obrigatorias.

2.3.2. Secuencia de contidos

1ª avaliación

- * Realización dunha lectura fluída, comprensiva e crítica de diferentes tipos de textos.
- * Identificación e análise dos recursos e as figuras literarias empregados en diferentes tipos de textos.
- Coñecemento das distintas clases de texto segundo a canle, o tema e a intención.
- Recoñecemento e caracterización de textos narrativos, descritivos e dialogados.
- Identificación dos parágrafos dun texto e disposición correcta da información en parágrafos.
- * Coñecemento e aplicación do vocabulario correspondente aos sentimentos e as emocións, os antropónimos, o tempo atmosférico e as formas de ser.
- * Coñecemento e uso correcto das regras de acentuación.
- Coñecemento das distintas unidades lingüísticas e das disciplinas que as estudan.
- * Coñecemento da función dos signos de puntuación e aplicación correcta dos mesmos.

- * Coñecemento das principais características da literatura popular en prosa e en verso e recoñecemento dos seus xéneros.
- Coñecemento da formación da lingua galega e a súa evolución desde as súas orixes ata a Idade Media.
- Comprensión do concepto de *plurilingüismo*
- Coñecemento das linguas que se falan na Península Ibérica e o seu status.
- * Identificación de palabras patrimoniais e non patrimoniais.
- * Recoñecemento e creación de palabras derivadas por prefixación e sufixación.
- * Distinción de palabras simples, derivadas e compostas, e formación de familias léxicas.
- * Identificación e clasificación dos substantivos (clasificación e flexión de xénero e número) e adxectivos (clasificación e gradación).
- * Coñecemento das principais características e mostras da literatura popular.
- * Coñecemento da orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval.
- * Identificación e comentario de cantigas de amigo, cantigas de amor e cantigas de escarnio e maldicir.
- * Expresión oral e escrita con corrección.
- * Realización do traballo proposto sobre a lectura obrigatoria.
- * Consulta e análise de diferentes fontes de información.
- * Elaboración de diferentes tipos de textos.
- * Realización de pequenos traballos de investigación.

2ª avaliación

- Realización dunha lectura fluída, comprensiva e crítica de diferentes tipos de textos.
- Recoñecemento, caracterización e clasificación de textos expositivos, poéticos, dramáticos.
- Análise de diferentes páxinas web e textos presentados en soporte dixital.
- * Uso axeitado do *b* e o *v* na praxe.
- Coñecemento da función dos signos de puntuación e aplicación correcta dos mesmos.
- Interpretación correcta de abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos de uso frecuente.
- Coñecemento e aplicación do vocabulario relacionado coas artes, as árbores, froitos e flores, o teatro e outros espectáculos e a informática e o universo virtual.
- * Clasificación dos determinantes e identificación de artigos determinados e indeterminados empregando correctamente as contraccións. Coñecemento e uso correcto de demostrativos e posesivos (e os seus usos especiais), numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos.
- * Coñecemento e uso correcto dos pronomes persoais.
- * Identificación e conxugación das formas verbais de verbos regulares e irregulares con corrección.
- Caracterización dos xéneros menores da literatura profana e das *Cantigas de Santa María*.
- * Identificación dalgunhas obras da literatura medieval en prosa e a súa temática.
- * Comprensión da situación da literatura galega nos Séculos Escuros.
- * Comprensión da situación de recuperación da literatura galega no século XIX e coñecemento dalgúns precursores do Rexurdimento.
- * Reflexión sobre a vida de Rosalía de Castro, coñecemento da importancia da súa obra e

realización do comentario dalgúns poemas.

- * Expresión oral e escrita con corrección.
- * Demostración da realización da lectura proposta como obrigatoria.
- * Consulta e análise de diferentes fontes de información.
- * Elaboración de diferentes tipos de textos.
- * Realización de pequenos traballos de investigación.

3ª avaliación

- * Identificación dos xéneros periodísticos.
- Recoñecemento das principais características e da estrutura de diversos textos periodísticos en diferentes formatos.
- * Coñecemento e aplicación do vocabulario relacionado coa prensa, a paisaxe natural, os topónimos, e os xogos de onte e hoxe.
- * Uso axeitado do *n* e o *ñ*, o *h*, o *s* e o *x*, o *l* e o *ll* e algúns grupos cultos e os ditongos.
- Identificación e uso correcto das formas nominais.
- Recoñecemento e clasificación das perífrases verbais.
- * Identificación e clasificación de adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.
- * Identificación de castelanismos.
- * Coñecemento da contribución de Eduardo Pondal e Curros Enríquez á literatura galega e comentario dalgúns poemas.
- * Coñecemento da situación da prosa e do teatro no século XIX, así como os principais cultivadores e contribucións á nosa literatura.
- * Expresión oral e escrita con corrección, coherencia e creatividade.
- * Demostración da realización da lectura proposta como obrigatoria.
- * Consulta e análise de diferentes fontes de información.
- * Elaboración de diferentes tipos de textos.
- * Realización de pequenos traballos de investigación.

2.3.3. Temporalización

Tomando como referencia o libro de texto que se manexa este curso (*Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya) a distribución de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4
- 2ª avaliación: unidades 5-8
- 3ª avaliación: unidades 8-12

Traballarase a lectura en colaboración co Proxecto lector, lendo un libro por avaliación e, durante un trimestre, dedicando unha hora semanal á lectura en voz alta na aula (ver temporalización das lecturas no apartado de lecturas obrigatorias).

2.3.4. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

A propia natureza da materia implica unha maior contribución á competencia en comunicación lingüística que a calquera outra, aínda que incide directa ou indirectamente en todas elas.

❖ **Competencia en comunicación lingüística**

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Definir e utilizar palabras con corrección.
- Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Entender as causas das regras da lingua.
- Recoller por escrito as conclusións aceptadas por un grupo.
- Analizar textos literarios e non literarios diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
- Expoñer información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.

❖ **Autonomía e iniciativa persoal**

- Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deducir información e extraer conclusións.
- Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razoar e argumentar unha opinión.
- Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ **Tratamento da información e competencia dixital**

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.

❖ **Competencia social e cidadá**

- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.

❖ **Competencia para aprender a aprender**

- Elaborar e interpretar resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localizar a idea central dun texto, identificar o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ **Competencia cultural e artística**

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.3.5. Procedementos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a

cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

2.3.6. Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas

❖ Relacionadas coa competencia en comunicación lingüística

- Utiliza a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Identifica, clasifica e caracteriza textos de diverso tipo.
- Identifica os xéneros periodísticos.
- Identifica o tema principal e as ideas secundarias en textos de diferente tipo e elabora esquemas e resumos que as estruturen visualmente.
- Recoñece a estrutura dos textos en parágrafos e organiza a información nos textos de elaboración propia.
- Aplica as regras de acentuación.
- Utiliza correctamente os signos de puntuación.
- Recoñece e utiliza a correcta ortografía das palabras.
- Coñece a orixe, evolución e composición da lingua galega.
- Recoñece semántica e formalmente as clases de palabras.
- Asimila e aplica en diferentes contextos o vocabulario básico relacionado cos sentimentos e as emocións, os antropónimos, o tempo atmosférico, as formas de ser, as artes, as árbores, froitos e flores, o teatro e outros espectáculos, a informática e o universo virtual, a prensa, a paisaxe natural, os topónimos e os xogos de onte e hoxe.
- Coñece e consulta diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- Coñece as principais características e xéneros da literatura popular.
- Recoñece as características fundamentais da lírica medieval e diferencia os tipos de cantigas.
- Recoñece as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde a Idade Media ata o século XIX.
- Demostra a realización das lecturas propostas como obrigatorias.

❖ Relacionadas coa competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Planifica tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deduce información e extrae conclusións.
- Elabora un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razona e argumenta unha opinión.
- Busca semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostra a capacidade para relacionar contidos.
- Valora o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ Relacionadas co tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.

- ❖ Relacionadas coa competencia social e cidadá
 - Debate sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
 - Relaciónase cos demais con educación e tolerancia.

- ❖ Relacionadas coa competencia para aprender a aprender
 - Elabora e interpreta resumos, fichas, cadros e esquemas.
 - Analiza o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
 - Localiza a idea central dun texto, identifica o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

- ❖ Relacionadas coa competencia cultural e artística
 - Valora a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
 - Desenvolve a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
 - Valora a riqueza que supón o plurilingüismo e reconece en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.3.7. Contidos mínimos esixibles

- Realización dunha lectura fluída, comprensiva e crítica de diferentes tipos de textos.
- Identificación, clasificación e caracterización de textos de diverso tipo.
- Emprego correcto da ortografía, a acentuación e puntuación.
- Coñecemento e aplicación do vocabulario básico.
- Coñecemento da historia e composición da lingua galega.
- Distinción de palabras simples, derivadas e compostas, e formación de familias léxicas.
- Identificación, clasificación e uso correcto dos substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, perífrases, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.
- Recoñecemento das características fundamentais da lírica medieval e diferenciación dos tipos de cantigas.
- Recoñecemento das características fundamentais, obras e autores dos Séculos Escuros e do século XIX da literatura galega.
- Expresión oral e escrita con corrección, coherencia e creatividade.
- Demostración da realización das lecturas propostas como obrigatorias.
- Elaboración de diferentes tipos de textos.

2.3.8. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.3.8.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante

unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.3.8.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.3.8.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

- As propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)
- O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.3.9. Criterios de cualificación

2.3.9.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, o caderno de clase e a atención, esforzo, interese, comportamento e participación.	10%
C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ³	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

- 3 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

Nas probas escritas os exames incluírán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,8 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1.$$

2.3.9.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas as demais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.3.9.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 80% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.3.9.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

No caso do Ámbito de Comunicación da E.S.A (que inclúe as materias de Lingua Galega e Literatura, Inglés e Lingua Castelá e Literatura) esixirase unha nota mínima de 2 en cada unha das tres materias que o conforman para poder facer a media e, se esta é igual ou superior a 5, aprobar.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

2.3.10. Materiais e recursos didácticos

Utilizarase o libro de texto *Lingua galega e literatura 3* da editorial Anaya e o Dicionario Xerais da Lingua. Tamén se utilizarán fichas e outros materiais elaborados polo profesorado. Utilizaranse recursos multimedia na aula e visitarase a Aula Multimedia para familiarizar ao alumnado coa busca de información e a elaboración de traballos usando as TIC.

Traballarase a lectura lendo un libro por avaliación e demostrando, oralmente ou por escrito, a lectura do mesmo. En colaboración co Proxecto lector dedicarase unha hora semanal á lectura en voz alta na clase, durante un trimestre.

LECTURAS OBRIGATORIAS:

➤ 1ª avaliación

Lectura dunha das seguintes obras: Santiago Lopo: *Game Over*. Ed. Biblos Clube de Lectores ou Fran Alonso: *Cartas de amor*, ed. Xerais.

➤ 2ª avaliación

Responder un cuestionario sobre unha das seguintes obras:

Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*
Curros Enríquez: *Aires da miña terra*
Eduardo Pondal: *Queixumes dos pinos*

➤ **3ª avaliación**

Lectura dunha das seguintes obras: Leticia Costas: *O corazón de Xúpiter*. Ed. Xerais ou Agustín Fernández Paz: *Tres pasos polo misterio*. Ed. Xerais.

➤ **Lectura na aula**

Manuel Núñez Singala, *Menú de enganos*, Ed. Galaxia

(En función das características específicas do alumnado e das novidades editoriais, as lecturas poden ser modificadas ao longo do curso. Tamén se lle proporcionará ao alumnado unha listaxe ampla e aberta de obras de lectura optativa para subir nota.)

2.4. 3º ESO. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO PDC

2.4.1. Obxectivos

▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA

- ✓ Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- ✓ Identificar os xéneros e subxéneros literarios así como as figuras literarias máis comúns.
- ✓ Aplicar as regras de acentuación.
- ✓ Utilizar correctamente os signos de puntuación.
- ✓ Recoñecer e utilizar a correcta ortografía das palabras.
- ✓ Recoñecer semántica e formalmente as clases de palabras.
- ✓ Coñecer o vocabulario básico relacionado co vestiario, o tempo, o territorio, a natureza, os medios de transporte, as ferramentas e utensilios, gastronomía e hostalería, os xogos e a prensa.
- ✓ Coñecer e consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- ✓ Utilizar ferramentas que faciliten a comprensión e o estudo da materia, así como a redacción de diferentes tipos de textos e traballos: Facer resumos, esquemas, cadros sinópticos... Elaborar guións, fichas...
- ✓ Recoñecer as características fundamentais da lírica medieval e do Rexurdimento da literatura galega, obras e autores.
- ✓ Ler coa fluidez e entoación adecuada.

▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- ✓ Utilizar a lingua castelá oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- ✓ Aplicar as regras de ortografía.
- ✓ Coñecer semanticamente as palabras e a súa composición.
- ✓ Identificar os diferentes tipos de oracións tanto simples como compostas e analízalas.
- ✓ Analizar as funcións sintácticas na oración.
- ✓ Elaborar guións, esquemas, etc. necesarios para a planificación, elaboración e revisión de traballos, servíndose daquelas técnicas máis útiles nas tarefas de aprendizaxe.
- ✓ Consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ao seu nivel.
- ✓ Coñecer diferentes tipos de textos e analízalos.
- ✓ Coñecer os rexistros lingüísticos.
- ✓ Recoñecer as características fundamentais dos xéneros literarios e dos movementos da literatura española desde a Idade Media ata o século XVIII.

▪ XEOGRAFÍA

- ✓ Coñecer o medio natural, en particular no referente a España e Galicia.
- ✓ Coñecer e analizar a escala dun mapa.
- ✓ Coñecer e interpretar os aspectos máis importantes do mapa físico do mundo, de Europa e concretamente o de España e de Galicia.
- ✓ Coñecer e analizar os problemas máis acuciantes do mundo: a explosión demográfica e a súa desigual distribución, con especial atención a España e Galicia; a globalización da economía; o subdesenvolvemento.
- ✓ Analizar os gráficos de poboación.
- ✓ Coñecer o papel que desempeñan as grandes potencias no mundo.
- ✓ Coñecer a organización, a política e a economía da Unión Europea.
- ✓ Coñecer as actividades económicas de España e Galicia.
- ✓ Analizar e interpretar o mapa político do mundo, de España e de Galicia.
- ✓ Analizar a organización política do territorio español e galego.
- ✓ Coñecer e interpretar os diferentes tipos de mapas.

2.4.2. Secuencia de contidos

1ª avaliación

▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA

- * Identificación dos tres grandes xéneros literarios e das súas características máis destacables.
- * Realización dunha lectura fluída, comprensiva e crítica de diferentes tipos de textos.
- * Identificación dos recursos e as figuras literarias empregados en diferentes tipos de textos.
- * Identificación e aplicación do vocabulario correspondente ao vestuario, os animais, o tempo atmosférico e as árbores, froitos e flores.
- * Utilización das regras de acentuación.
- * Utilización dos signos de puntuación.
- * Identificación e creación de palabras derivadas por prefixación e sufixación.
- * Diferenciación de palabras simples, derivadas e compostas, e formación de familias léxicas.
- * Identificación e clasificación dos substantivos e adxectivos.
- * Identificación e comentario de cantigas de amigo e cantigas de amor.
- * Expresión oral e escrita correcta.
- * Uso de ferramentas que faciliten a comprensión e o estudo da materia.
- * Consulta e análise de diferentes fontes de información.
- * Elaboración de diferentes tipos de textos.
- * Realización de pequenos traballos de investigación.
- * Lectura, na clase e na casa, das obras propostas.

▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- * Lectura fluída e comprensiva de diferentes tipos de textos.
- * Realización de resúmenes.

- * Identificación dos mecanismos de formación de palabras.
- * Identificación e realización de familias léxicas e campos semánticos.
- * Identificación das distintas categorías gramaticais.
- * Identificación das oracións e os seus constituíntes.
- * Identificación de oracións simples e compostas.
- * Identificación do sintagma nominal, os seus constituíntes e as súas funcións.
- * Identificación e análise do verbo e as perífrases verbais.
- * Aplicación das regras de acentuación.
- * Identificación das características da lírica medieval.
- * Identificación das características da narrativa épica e a didáctica medievais.
- * Identificación e análise dos recursos, figuras literarias e métrica empregados en diferentes tipos de textos.
- * Lectura, na clase e na casa, das obras propostas.

▪ XEOGRAFÍA

- * Análise da escala dun mapa.
- * Identificación dos elementos do clima.
- * Identificación das diferentes formas de relevo.
- * Coñecemento da diversidade de climas do mundo.
- * Identificación e interpretación do mapa físico do mundo.
- * Interpretación do mapa físico de Europa.
- * Interpretación dos mapas físicos español e galego.
- * Identificación das distintas maneiras de representar o tempo.
- * Coñecemento dos compoñentes e funcións do Estado.
- * Interpretación do mapa político do mundo.
- * Identificación da organización territorial, o sistema político e os desequilibrios de España.
- * Identificación das organizacións internacionais.
- * Coñecemento da Unión Europea.

2ª avaliación

▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA

- * Identificación dos elementos textuais das obras dramáticas.
- * Uso axeitado do *b* e *o v*, *o h*, *o s* e *o x*, *o l* e *o ll* na praxe.
- * Identificación do vocabulario correspondente ao mar e os barcos, o tempo cronolóxico, os medios de transporte e o as formas da paisaxe.
- * Clasificación e identificación dos distintos tipos de determinantes.
- * Emprego correcto dos pronomes persoais.
- * Identificación e conxugación dos verbos.
- * Identificación e clasificación das perífrases verbais.
- * Identificación das cantigas de escarnio e *Cantigas de Santa María*.
- * Identificación dalgunhas obras da literatura medieval en prosa e da súa temática.
- * Comprensión da situación de recuperación da literatura galega nos século XIX.
- * Coñecemento da vida e da obra de Rosalía de Castro e comentario dalgúns poemas.

- * Expresión oral e escrita correcta.
- * Uso de ferramentas que faciliten a comprensión e o estudo da materia.
- * Consulta e análise de diferentes fontes de información.
- * Elaboración de diferentes tipos de textos.
- * Realización de pequenos traballos de investigación.
- * Lectura, na clase e na casa, das obras propostas.

▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- * Elaboración de cadros sinópticos.
- * Identificación das características da descrición.
- * Identificación e análise do predicado e os seus constituíntes (funcións e unidades).
- * Identificación e clasificación das oracións compostas.
- * Uso das letras *g, j, b, v, h, ll* e *y*.
- * Identificación das características da literatura do século XV.
- * Lectura e comentario de fragmentos de *La Celestina*.
- * Identificación das características da poesía e a narrativa renacentista e lectura e comentario dalgún texto.
- * Coñecemento da vida e a obra de Cervantes e lectura e comentario dalgún fragmento do *Quijote*.
- * Lectura, na clase e na casa, das obras propostas.

▪ XEOGRAFÍA

- * Reflexión sobre a explosión demográfica.
- * Diferenciación de natalidade e fecundidade e taxas de mortalidade.
- * Comprensión dos fenómenos migratorios e as consecuencias do crecemento da poboación.
- * Análise da poboación mundial.
- * Análise das pirámides de poboación.
- * Características da poboación na UE.
- * Análise da poboación española e as migracións en España.
- * Análise da poboación en Galicia e a súa distribución.
- * Identificación da actividade económica, os sectores, axentes e factores produtivos e os sistemas económicos.
- * Reflexión sobre a mundialización, a economía global e a importancia das multinacionais.

3ª avaliación

▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA

- * Identificación do vocabulario relacionado coas ferramentas e utensilios, a gastronomía e a hostalería, os xogos e a prensa.
- * Uso axeitado do *n* e o *ñ*, os grupos cultos e os ditongos.
- * Identificación e clasificación dos adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.
- * Identificación de topónimos e antropónimos galegos.
- * Identificación de castelanismos.

- * Coñecemento da vida e a obra de Eduardo Pondal e Curros Enríquez e comentario dalgúns poemas.
- * Expresión oral e escrita correcta.
- * Uso de ferramentas que faciliten a comprensión e o estudo da materia.
- * Consulta e análise de diferentes fontes de información.
- * Elaboración de diferentes tipos de textos.
- * Realización de pequenos traballos de investigación.
- * Lectura, na clase e na casa, das obras propostas.

▪ **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

- * Identificación e análise de diferentes tipos de textos.
- * Elaboración de esquemas.
- * Redacción de textos de distinto tipo.
- * Identificación e análise de distintos tipos de oracións compostas subordinadas.
- * Uso das letras *s, r, rr, x, c, z, -d e -cc-*.
- * Aplicación das normas de puntuación.
- * Identificación das características do teatro, a poesía e a prosa barroca e dos seus principais autores.
- * Lectura e comentario dalgún fragmento de teatro, poesía e prosa barroca.
- * Identificación das características da literatura do século XVIII.
- * Utilización de distintas técnicas de busca de información.
- * Lectura, na clase e na casa, das obras propostas.

▪ **XEOGRAFÍA**

- * Identificación das actividades do sector primario e secundario na UE, en España e en Galicia.
- * Análise da evolución da industria nos países desenvolvidos e non desenvolvidos.
- * Identificación e análise do sector terciario na UE, en España e en Galicia.
- * Reflexión sobre o subdesenvolvemento e as causas da desigualdade.
- * Reflexión sobre os factores que afectan ao medio e os principios problemas ambientais.

2.4.3. Temporalización

Tomando como referencia o libro de texto para a materia de Lingua galega e literatura deste curso (*Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya) a distribución temporal de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4.
- 2ª avaliación: unidades 5-8.
- 3ª avaliación: unidades 9-12.
- Incluímos a lectura na aula e na casa de textos adaptados á súa madurez.

Tomando como referencia o libro de texto para a materia de Lengua castellana y literatura deste curso (*Lengua castellana y Literatura*, Ed. Oxford) a distribución temporal de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4.

- 2ª avaliación: unidades 6-8.
 - 3ª avaliación: unidades 9-12.
- Incluimos a lectura na clase e na casa de textos adaptados á súa madurez.

Tomando como referencia o libro de texto para a materia de Xeografía deste curso (*Xeografía*, ed. Santillana) a distribución temporal de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1 a 5.
- 2ª avaliación: unidades 6 a 12.
- 3ª avaliación: unidades 13 a 20.

Traballarase nas aulas a lectura en voz alta. O alumnado lerá na casa polo menos un libro por avaliación da súa elección. Periodicamente utilizaranse recursos multimedia na aula e visitarase a Aula Multimedia para familiarizar ao alumnado coa busca de información e a elaboración de traballos usando as TIC.

2.4.4. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

❖ Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Definir e utilizar palabras con corrección.
- Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Entender as causas das regras da lingua.
- Recoller por escrito as conclusións aceptadas por un grupo.
- Analizar textos literarios e non literarios diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
- Expoñer información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.

❖ Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deducir información e extraer conclusións.
- Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razoar e argumentar unha opinión.
- Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ Tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.

❖ Competencia social e cidadá

- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.

❖ **Competencia para aprender a aprender**

- Elaborar e interpretar resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localizar a idea central dun texto, identificar o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ **Competencia cultural e artística**

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.4.5. Procedementos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

2.4.6. Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas

❖ **Relacionadas coa competencia en comunicación lingüística**

- Utiliza a lingua galega e castelá oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Identifica as características da linguaxe literaria e dos xéneros e subxéneros literarios así como as figuras literarias máis comúns.
- Coñece e consulta diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- Utiliza ferramentas que facilitan a comprensión e o estudo da materia, así como a redacción de diferentes tipos de textos e traballos: Fai resumos, esquemas, cadros sinópticos... Elabora guións, fichas...
- Aplica as regras básicas de acentuación.
- Utiliza correctamente os signos de puntuación.
- Recoñece e utiliza a correcta ortografía das palabras.
- Coñece a orixe, evolución e composición da lingua galega.
- Recoñece semántica e formalmente as clases de palabras.
- Identifica e analiza oracións simples e compostas e as funcións sintácticas na oración.
- Asimila e aplica en diferentes contextos o vocabulario básico.
- Coñece diferentes tipos de textos e analízaos.
- Recoñece as características fundamentais da lírica medieval e os tipos de cantigas.
- Recoñece as características fundamentais, obras e autores do Rexurdimento da literatura galega.
- Recoñece as características dos xéneros literarios e das principais etapas, obras e

autores da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX.

- Le coa fluidez e entoación axeitadas.

❖ Relacionadas coa competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Planifica tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deduce información e extrae conclusións.
- Elabora un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razona e argumenta unha opinión.
- Busca semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostra a capacidade para relacionar contidos.
- Valora o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ Relacionadas co tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.

❖ Relacionadas coa competencia social e cidadá

- Coñece o medio natural, en particular no referente a España e Galicia.
- Coñece e analiza a escala dun mapa.
- Coñece e interpreta os aspectos máis importantes do mapa físico do mundo e concretamente o de España e de Galicia.
- Coñece e analiza os problemas máis acuciantes do mundo: a explosión demográfica e a súa desigual distribución, con especial atención a España e Galicia; a globalización da economía; o subdesenvolvemento.
- Analiza os gráficos de poboación.
- Coñece o papel que desempeñan as grandes potencias no mundo.
- Coñece a organización, a política e a economía da Unión Europea.
- Coñece as actividades económicas de España e Galicia.
- Analiza e interpreta o mapa político do mundo, de España e de Galicia.
- Analiza a organización política do territorio español e galego.
- Coñece e interpreta os diferentes tipos de mapas.
- Debate sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relaciónase cos demais con educación e tolerancia.

❖ Relacionadas coa competencia para aprender a aprender

- Elabora e interpreta resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analiza o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localiza a idea central dun texto, identifica o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ Relacionadas coa competencia cultural e artística

- Valora a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben

común que cómpre coñecer, conservar e defender.

- Desenvolve a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valora a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñece en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.4.7. Contidos mínimos esixibles

- * Utilización da lingua galega e castelá oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- * Identificación das características da linguaxe literaria e dos xéneros e subxéneros literarios así como das figuras literarias máis comúns.
- * Coñecemento e consulta de diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- * Utilización de ferramentas que facilitan a comprensión e o estudo da materia, así como a redacción de diferentes tipos de textos e traballos: Fai resumos, esquemas, cadros sinópticos... Elaboración de guións, fichas...
- * Aplicación das regras básicas de acentuación.
- * Utilización correcta dos signos de puntuación.
- * Recoñecemento e utilización da correcta ortografía das palabras.
- * Coñecemento da orixe, evolución e composición da lingua galega.
- * Recoñecemento semántica e formalmente das clases de palabras.
- * Identificación e análise de oracións simples e compostas e das funcións sintácticas na oración.
- * Asimilación e aplicación en diferentes contextos do vocabulario básico.
- * Identificación e análise de diferentes tipos de textos.
- * Identificación das características fundamentais da lírica medieval e dos tipos de cantigas.
- * Identificación das características fundamentais, obras e autores do Rexurdimento da literatura galega.
- * Identificación das características dos xéneros literarios e das principais etapas, obras e autores da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX.
- * Lectura coa fluidez e entoación axeitadas.
- * Coñecemento do medio natural, en particular no referente a España e Galicia.
- * Interpretación dos aspectos máis importantes do mapa físico do mundo e concretamente o de España e de Galicia.
- * Análise dos problemas máis acuciantes do mundo: a explosión demográfica e a súa desigual distribución, con especial atención a España e Galicia; a globalización da economía; o subdesenvolvemento.
- * Análise dos gráficos de poboación.
- * Identificación do papel que desempeñan as grandes potencias no mundo.
- * Coñecemento da organización, a política e a economía da Unión Europea.
- * Identificación das actividades económicas de España e Galicia.
- * Análise e interpretación do mapa político do mundo, de España e de Galicia.
- * Análise da organización política do territorio español e galego.
- * Identificación e interpretación de diferentes tipos de mapas.

2.4.8. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.4.8.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.4.8.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas orais e escritas
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.4.8.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

-As propias producións dos alumnos (probos orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)

-O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.4.9. Criterios de cualificación

2.4.9.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación.	10%
C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ⁴	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

4 Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Nas probas escritas os exames incluírán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiráraselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerárase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoráranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender...

No **apartado C** valorárase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,8 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1.$$

2.4.9.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerárase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas as demais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.4.9.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.4.9.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

2.4.10. Materiais e recursos didácticos

Os libros de texto de referencia na aula serán: *Lingua Galega e Literatura*.3 Ed. Anaya, *Lengua castellana y Literatura 3*, Ed. Oxford e *Xeografía*, ed. Santillana. Utilizaranse tamén caderniños de exercicios e material elaborado polo profesorado, así como dicionarios, enciclopedias e mapas. Así mesmo, dentro do Plan lector, contarase cunha biblioteca de aula, para a realización de unha hora semanal de lectura en voz alta e visitarase periodicamente a Biblioteca para a escolla de libros que o alumnado lerá na casa. Utilizaranse recursos multimedia na aula e visitarase a Aula Multimedia para familiarizar ao alumnado coa busca de información e a elaboración de traballos usando as TIC.

2.5. 4º ESO. LINGUA GALEGA E LITERATURA

2.5.1. Obxectivos

- ✓ Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- ✓ Recoñecer a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
- ✓ Coñecer e analizar os aspectos básicos da narración literaria.
- ✓ Coñecer o vocabulario básico relacionado cos seres míticos e ritos máxicos, cos sentidos e sensacións, medos e arrepiós, o tempo cronolóxico, o mar e os barcos, a xustiza e as leis, risas e gargalladas, tempo de lecer, o aspecto físico, a comunicación, o cine, a radio e a televisión.
- ✓ Lembrar e aplicar as regras de acentuación.
- ✓ Lembrar e utilizar correctamente os signos de puntuación.
- ✓ Recoñecer e utilizar a correcta ortografía das palabras.
- ✓ Repasar e aplicar correctamente a morfoloxía, usos e colocación das distintas categorías gramaticais.
- ✓ Coñecer a evolución sociolingüística do galego a partir de comezos do século XX e os usos máis actuais da lingua (na mocidade, en internet...)
- ✓ Coñecer e identificar as variedades internas da lingua.
- ✓ Diferenciar entre fonema, son e grafía e saber caracterizar os fonemas vocálicos e os consonánticos.
- ✓ Coñecer as unidades lingüísticas e a sintaxe nas oracións simples e compostas.
- ✓ Coñecer as relacións semánticas que se poden establecer entre as palabras desde o punto de vista do significado e as causas dos cambios semánticos.
- ✓ Coñecer e consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- ✓ Recoñecer as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade.
- ✓ Recoñecer nas novas tecnoloxías outro medio eficaz de difundir a literatura.
- ✓ Realizar as lecturas de obras propostas como obrigatorias.

2.5.2. Secuencia de contidos

1ª avaliación

- * Uso da lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- * Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulario relacionado cos seres míticos e ritos máxicos, cos sentidos e sensacións, medos e arrepiós e o tempo cronolóxico.
- * Coñecemento e aplicación das regras de acentuación, os signos de puntuación, o uso de maiúsculas e minúsculas e de abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos.
- * Coñecemento da evolución sociolingüística do galego no primeiro terzo do século XX..

- * Coñecemento das variedades internas da lingua identificándoas.
- * Identificación das distintas unidades lingüísticas: fonema, monema, palabra, frase, oración...
- * Diferenciación de oracións simples e compostas e identificación e análise dos distintos tipos de frases.
- * Identificación dos fonemas, sons e grafemas e caracterización de todos os fonemas.
- * Coñecemento dos principais trazos socioculturais da literatura de comezos do século XX, as etapas, os autores máis salientables deste período e realización de comentarios de textos.
- * Coñecemento das principais contribucións do Grupo Nós á literatura galega, os autores máis salientables deste período e comentario de textos.
- * Coñecemento do panorama cultural da poesía de principios do século XX (poesía de Vangarda) e comentario de textos dos seus máximos representantes.
- * Demostración da realización das lecturas marcadas como obrigatorias.

2ª avaliación

- Uso da lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Lectura e comentario de textos analizando e valorando as propiedades textuais de adecuación, coherencia, cohesión, corrección e presentación.
- Identificación, análise e elaboración de textos de distinto tipo.
- Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulario relacionado co mar e os barcos, a xustiza e as leis, risas e gargalladas e o tempo de lecer.
- Utilización correcta da ortografía.
- Repaso da morfoloxía.
- Identificación, utilización e colocación correcta dos pronomes átonos.
- * Identificación e análise das diferentes funcións sintácticas dentro da oración.
- * Identificación das oracións compostas e a súa tipoloxía e dos distintos tipos de oracións coordinadas.
- * Realización da análise sintáctica de diferentes tipos de oracións.
- * Coñecemento da evolución sociolingüística do galego desde a posguerra á actualidade e dos dereitos lingüísticos.
- * Coñecemento do panorama cultural da posguerra, as características, as xeracións e representantes máis destacados da poesía (Xeración do 36 e Promoción de Enlace) e da prosa e realización de comentarios de texto.
- * Demostración da realización das lecturas marcadas como obrigatorias.

3ª avaliación

- Uso da lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Lectura e análise de textos de banda deseñada, cinematográficos e da linguaxe radiofónica, televisiva e publicitaria.
- Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulario relacionado co aspecto físico, a comunicación, o cine, a radio e a televisión leis.
- Repaso da morfoloxía das palabras.

- * Identificación e análise dos diferentes tipos de oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais.
- * Recoñecemento e emprego con corrección de palabras homónimas, polisémicas, sinónimas e antónimas.
- * Coñecemento dos cambios semánticos e os principais recursos de substitución.
- * Análise dos usos actuais da lingua na mocidade, na internet, no ámbito profesional...
- * Análise das características da Xeración das Festas Minervais e do teatro de posguerra, os autores máis representativos e realización de comentarios de texto.
- * Coñecemento do panorama cultural a partir de 1975, as características, grupos, máximos representantes da narrativa actual, do teatro e da poesía e realización de comentarios de texto.
- * Demostración da realización das lecturas marcadas como obrigatorias.

2.5.3. Temporalización

Tomando como referencia o libro de texto deste curso (C. Díaz e M. Seixo: *Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya) a distribución de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4
- 2ª avaliación: unidades 5-8
- 3ª avaliación: unidades 9-12

Traballarase a lectura en colaboración co Proxecto lector, lendo un libro por avaliación e, durante un trimestre, dedicaremos varias sesións á lectura en voz alta dun libro que se fixará no seu momento.

➤ 1ª avaliación

-*Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz ou *Sete caveiras*, de Elena Gallego Abad

➤ 2ª avaliación

-*Os dous de sempre*, de Daniel Rodríguez Castelao

➤ 3ª avaliación

-*Poetízate*, de Fran Alonso

➤ Lectura na aula

Álvaro Cunqueiro: *Os outros feirantes*. Galaxia.

Lecturas complementarias: *A cabeza de medusa* (Xerais) e *A banda sen futuro* (Xerais), de Marilar Aleixandre; *A esmorga* (Galaxia) e *Os biosbardos* (Galaxia), de Eduardo Blanco-Amor; *Millo verde* (Xerais), de Xosé Fernández Ferreiro; *Tres pasos polo misterio* (Xerais) de Agustín Fernández Paz; *A cova das vacas mortas* (Xerais), de Santiago Jaureguizar; *Pel de lobo* (Xerais), de Xosé Miranda e *Memorias dun neno labrego* (Galaxia) de Xosé Neira Vilas. Esta listaxe é aberta e pode sufrir modificacións ao longo do curso.

2.5.4. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

A propia natureza da materia implica unha maior contribución á competencia en comunicación lingüística que a calquera outra, aínda que incide directa ou indirectamente

en todas elas.

❖ **Competencia en comunicación lingüística**

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Definir e utilizar palabras con corrección.
- Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Entender as causas das regras da lingua.
- Recoller por escrito as conclusións aceptadas por un grupo.
- Analizar textos literarios e non literarios diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
- Expoñer información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.

❖ **Autonomía e iniciativa persoal**

- Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deducir información e extraer conclusións.
- Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razoar e argumentar unha opinión.
- Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ **Tratamento da información e competencia dixital**

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos, no contexto do programa ABALAR.

❖ **Competencia social e cidadá**

- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.

❖ **Competencia para aprender a aprender**

- Elaborar e interpretar resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localizar a idea central dun texto, identificar o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ **Competencia cultural e artística**

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.5.5. Procedementos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a

cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

2.5.6. Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas

❖ Relacionadas coa competencia en comunicación lingüística

- Utiliza a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Recoñece a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
- Coñece e analiza os trazos e os recursos propios dos textos expositivos e argumentativos.
- Coñece e analiza os aspectos básicos da narración literaria.
- Recoñece as características dos códigos, lingüístico e iconográfico, do cómic e do cine.
- Coñece o proceso de creación dun programa televisivo ou radiofónico.
- Analiza a linguaxe publicitaria, os seus recursos e finalidade.
- Coñece o vocabulario básico relacionado coa forma de ser, emocións e sentimentos, coas viaxes, cos libros, a edición e a imprenta, coas artes, cos deportes, cos espectáculos, cos sentidos e as sensacións, coas leis, co pan e os doces, coa televisión, a radio e o cine e coa publicidade.
- Lembra e aplica as regras de acentuación.
- Lembra e utiliza correctamente os signos de puntuación.
- Recoñece e utiliza a correcta ortografía das palabras.
- Coñece os procedementos de redución das palabras.
- Repasa e aplica correctamente a morfoloxía, usos e colocación das distintas categorías gramaticais.
- Coñece a situación sociolingüística e legal das distintas linguas na Unión Europea e no Estado español e recoñece os seus dereitos lingüísticos.
- Coñece a situación sociolingüística do galego na actualidade e a lexislación que existe con respecto ao seu uso nos diferentes ámbitos.
- Coñece as variedades internas da lingua e identifica as variedades xeográficas.
- Diferencia entre fonema, son e grafía e sabe caracterizar os fonemas vocálicos e os consonánticos.
- Coñece as unidades lingüísticas e a sintaxe nas oracións simples e compostas.
- Coñece as relacións semánticas que se poden establecer entre as palabras desde o punto de vista do significado, as causas dos cambios semánticos e os conceptos de *eufemismo*, *disfemismo* e *tabú*.
- Coñece e consulta diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- Recoñece as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade.
- Recoñece nas novas tecnoloxías outro medio eficaz de difundir a literatura.
- Realiza as lecturas de obras propostas como obrigatorias.

❖ Relacionadas coa competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Planifica tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deduce información e extrae conclusións.
- Elabora un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo

uns pasos dados.

- Razona e argumenta unha opinión.
- Busca semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostra a capacidade para relacionar contidos.
- Valora o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.
 - ❖ Relacionadas co tratamento da información e competencia dixital
- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.
 - ❖ Relacionadas coa competencia social e cidadá
- Debate sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relaciónase cos demais con educación e tolerancia.
 - ❖ Relacionadas coa competencia para aprender a aprender
- Elabora e interpreta resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analiza o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localiza a idea central dun texto, identifica o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.
 - ❖ Relacionadas coa competencia cultural e artística
- Valora a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolve a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valora a riqueza que supón o plurilingüismo e reconece en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.5.7. Contidos mínimos esixibles

- * Uso da lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- * Identificación e análise de distintos tipos de textos analizando e valorando as propiedades textuais.
- * Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulario básico.
- * Coñecemento e aplicación das regras de acentuación, os signos de puntuación, e a ortografía.
- * Coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de Europa e España e da lexislación que regulamenta o uso das linguas oficiais de Galicia.
- * Coñecemento das variedades internas da lingua.
- * Coñecemento dos principais trazos socioculturais da literatura do século XX e da actualidade, as etapas, os autores máis salientables, e realización de comentarios de texto.
- * Coñecemento da morfoloxía e usos do substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, verbo, perífrases verbais, adverbio, preposición e conxunción.
- * Identificación das distintas unidades lingüísticas: fonema, monema, palabra, frase, oración...

- * Identificación e análise sintáctica de oracións simples e compostas e dos seus constituíntes.
- * Recoñecemento e emprego con corrección de palabras homónimas, polisémicas, sinónimas e antónimas.
- * Coñecemento dos cambios semánticos e os principais recursos de substitución.
- * Demostración da realización das lecturas marcadas como obrigatorias.

2.5.8. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.5.8.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.5.8.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación

positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.5.8.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

- As propias producións dos alumnos (probos orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probos de lectura)
- O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.5.9. Criterios de cualificación

2.5.9.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación.	10%
C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ⁵	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Nas probas escritas os exames incluirán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros

⁵ Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerárase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén, neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,8 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1.$$

2.5.9.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas as demais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.5.9.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.5.9.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

No caso do Ámbito de Comunicación da E.S.A (que inclúe as materias de Lingua Galega e Literatura, Inglés e Lingua Castelá e Literatura) esixirase unha nota mínima de 2 en cada unha das tres materias que o conforman para poder facer a media e, se esta é igual ou superior a 5, aprobar.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

2.5.10. Materiais e recursos didácticos

Utilizarase o libro de texto *Lingua galega e literatura* da editorial Anaya e o Dicionario Xerais da Lingua. Tamén se utilizarán materiais elaborados polo profesorado. Utilizaranse recursos multimedia na aula e visitarase a Aula Multimedia para familiarizar ao alumnado coa busca de información e a elaboración de traballos usando as TIC.

Traballarase a lectura lendo un libro por avaliación e demostrando, oralmente ou por escrito, a lectura do mesmo. En colaboración co Proxecto lector dedicarase unha hora semanal á lectura en voz alta na clase, durante un trimestre.

LECTURAS OBRIGATORIAS:

1ª avaliación/ Fernández Paz, Agustín: *Corredores de sombra*

2ª avaliación/ Rodríguez Castelao, Daniel.: *Os dous de sempre*

3ª avaliación/ Alonso, Fran: *Poétízate*

Lectura na aula/ Álvaro Cunqueiro: *Os outros feirantes*

2.6. 4º ESO. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO PDC

2.6.1. Obxectivos

▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA

- ✓ Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- ✓ Recoñecer a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
- ✓ Coñecer e analizar os aspectos básicos da narración literaria.
- ✓ Coñecer o vocabulario básico relacionado coa forma de ser, emocións e sentimentos, coas viaxes, cos libros, a edición e a imprenta, coas artes, cos deportes, cos espectáculos, cos sentidos e as sensacións, coas leis, co pan e os doces, coa televisión, a radio e o cine e coa publicidade.
- ✓ Lembrar e aplicar as regras de acentuación.
- ✓ Lembrar e utilizar correctamente os signos de puntuación.
- ✓ Recoñecer e utilizar a correcta ortografía das palabras.
- ✓ Coñecer os procedementos de redución das palabras.
- ✓ Repasar e aplicar correctamente a morfoloxía, usos e colocación das distintas categorías gramaticais.
- ✓ Coñecer a situación sociolingüística e legal das distintas linguas na Unión Europea e no Estado español e recoñecer os seus dereitos lingüísticos.
- ✓ Coñecer a situación sociolingüística do galego na actualidade e a lexislación que existe con respecto ao seu uso nos diferentes ámbitos.
- ✓ Coñecer as variedades internas da lingua e identificar as variedades xeográficas.
- ✓ Diferenciar entre fonema, son e grafía.
- ✓ Coñecer as unidades lingüísticas e a sintaxe nas oracións simples e compostas.
- ✓ Coñecer as relacións semánticas que se poden establecer entre as palabras.
- ✓ Coñecer e consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- ✓ Recoñecer as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade.
- ✓ Recoñecer nas novas tecnoloxías outro medio eficaz de difundir a literatura.
- ✓ Realizar as lecturas de obras propostas e comentarios de texto.

▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- ✓ Utilizar a lingua castelá oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- ✓ Coñecer a estrutura interna das palabras e os mecanismos de creación de palabras.
- ✓ Coñecer as unidades lingüísticas e a sintaxe nas oracións simples e compostas.
- ✓ Identificar as variedades internas da lingua.

- ✓ Coñecer a realidade plurilingüe de España e a orixe e evolución do castelán.
- ✓ Lembrar e aplicar as regras de acentuación.
- ✓ Lembrar e utilizar correctamente os signos de puntuación.
- ✓ Recoñecer e utilizar a correcta ortografía das palabras.
- ✓ Coñecer e consultar diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- ✓ Recoñecer as características fundamentais, autores e obras da literatura castelá desde o romanticismo ata a posguerra e o *boom* hispanoamericano.
- ✓ Realizar lecturas de obras propostas e comentarios de texto.

▪ **HISTORIA**

- ✓ Coñecer as características políticas, sociais, económicas e culturais do Antigo Réxime e a Ilustración en Europa, España e Galicia.
- ✓ Coñecer as causas e consecuencias da Revolución Francesa na política e na arte.
- ✓ Identificar as causas e fases da revolución industrial e os seus efectos na sociedade e na cultura.
- ✓ Coñecer as causas do triunfo dos nacionalismos en Europa e América.
- ✓ Analizar as orixes e desenvolvemento do imperialismo colonial e as consecuencias culturais.
- ✓ Coñecer o desenvolvemento histórico (político e económico) de España e Galicia do século XIX.
- ✓ Analizar as causas, desenvolvemento e consecuencias da Primeira Guerra Mundial.
- ✓ Coñecer a caída do tsarismo, a revolución bolxevique, a formación do estado soviético e a ditadura estalinista.
- ✓ Analizar as causas e consecuencias do nacemento do fascismo e o nazismo no período de entreguerras.
- ✓ Identificar as causas, desenvolvemento e consecuencias da II Guerra Mundial.
- ✓ Analizar os principais acontecementos históricos e culturais do primeiro terzo do século XX en España e en Galicia ata o final da Guerra Civil.
- ✓ Coñecer as orixes, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Fría.
- ✓ Analizar o proceso de descolonización en Asia e África e o nacemento do Terceiro Mundo.
- ✓ Coñecer o nacemento e evolución das grandes potencias occidentais e orientais.
- ✓ Coñecer as características da ditadura franquista e a súa evolución en España e en Galicia.
- ✓ Analizar os cambios políticos, económicos, sociais e culturais que se produciron a nivel mundial nos últimos anos do século XX e primeiros do XXI.
- ✓ Analizar o período da transición e as súas consecuencias en España e Galicia.

2.6.2. Secuencia de contidos

1ª avaliación

▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA

- * Utilización da lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- * Lectura e comentario de textos valorando as propiedades textuais.
- * Coñecemento e aplicación en diferentes contextos o vocabulario relacionado coas formas de ser, a emoción e os sentimentos, as viaxes e os libros, a edición e a imprenta.
- * Coñecemento e aplicación das regras de acentuación, os signos de puntuación, o uso de maiúsculas e minúsculas e de abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos.
- * Coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de Europa e España e a lexislación que regulamenta o uso das linguas oficiais de Galicia.
- * Coñecemento das variedades internas da lingua, identificando os bloques lingüísticos.
- * Identificación dos principais trazos socioculturais da literatura de comezos do século XX, as etapas, os autores máis salientables deste período e realización de comentarios de textos.
- * Identificación das principais contribucións do Grupo Nós á literatura galega, os autores máis salientables deste período e realización de comentarios de texto.
- * Coñecemento do panorama cultural da poesía de principios do século XX e realización de comentarios de textos dos seus máximos representantes.
- * Realización das lecturas propostas.

▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Identificación de distintos tipos de textos.
- Identificación de lexemas e morfemas e formación de palabras derivadas, compostas e parasintéticas.
- Identificación e análise sintáctica de oracións simples e compostas.
- Coñecemento e aplicación correcta das regras de acentuación.
- Escritura correcta das palabras con *v* e con *b*.
- Identificación das características xerais do romanticismo e do modernismo, os autores e obras máis representativos e realización de comentarios de textos poéticos.
- Identificación da novela realista e realización de comentarios de textos narrativos.
- Realización das lecturas propostas.

▪ HISTORIA

- Identificación das características políticas, sociais e económicas do Antigo Réxime.
- Coñecemento da orixe do despotismo ilustrado e as causas da creba do Antigo Réxime.
- Coñecemento do reformismo borbónico e as consecuencias para Galicia, e as características da arte no século XVIII.
- Análise da Revolución Americana.
- Análise das causas e desenvolvemento da Revolución Francesa.
- Análise das consecuencias das revolucións.
- Identificación dos movementos culturais e artísticos máis importantes do século

XVIII.

- Identifica as causas e desenvolvemento das revolucións industriais e os efectos da industrialización na aparición e consolidación da sociedade de clases e o movemento obreiro.
- Análise do cambio cultural e nos costumes provocado polo cambio social.
- Identificación das causas do triunfo do nacionalismo en Europa.
- Coñecemento do proceso de construción dos Estados Unidos.
- Coñecemento das orixes do imperialismo europeo e o desenvolvemento dos grandes imperios coloniais.
- Identificación dos principais movementos artísticos desde o Impresionismo ata as Vanguardas.
- Coñecemento da evolución política, económica e social de España e Galicia desde a Guerra da Independencia ata a Restauración.

2ª avaliación

- **LINGUA GALEGA E LITERATURA**
- Identificación, análise e elaboración de textos expositivos, argumentativos e análise de textos narrativos.
- Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulario relacionado coas artes, os deportes, o circo e outros espectáculos e os sentidos e sensacións.
- Uso correcto da grafía das palabras con *h*, *b* e *v*.
- Coñecemento da morfoloxía do substantivo e formación do feminino e do plural.
- Identificación e uso correcto dos pronomes átonos.
- Identificación de fonemas, sons e grafemas.
- Identificación das distintas unidades lingüísticas: fonema, monema, palabra, frase, oración...
- Identificación de oracións simples e compostas e análise sintáctica.
- Identificación e análise das diferentes funcións sintácticas dentro da oración.
- Identificación das oracións compostas e a súa tipoloxía.
- Realización da análise sintáctica de diferentes tipos de oracións.
- Coñecemento do panorama cultural da posguerra, as características, as xeracións e representantes máis destacados da poesía e da prosa e realización de comentarios de texto.
- Realización das lecturas propostas.

▪ **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

- Coñecemento da estrutura e función da instancia e o curriculum vitae e redacción dalgún.
- Identificación e análise sintáctica das oracións compostas subordinadas.
- Aplicación correcta da ortografía das palabras con *g e j, ll e y, h*, e o uso das formas con *que*.
- Coñecemento das características da novela de principios do século XX, os autores e obras máis representativos e realización de comentarios de texto.
- Coñecemento das características do teatro anterior a 1936 e os autores e obras máis representativos.
- Coñecemento das características das vangardas e da xeración do 27, os autores e obras máis representativos e realización de comentarios de texto.
- Realización das lecturas propostas.

▪ **HISTORIA**

- Coñecemento das orixes, desenvolvemento e consecuencias da Primeira Guerra Mundial.
- Identificación das causas da caída do tsarismo e do desenvolvemento da revolución bolxevique e a formación do Estado soviético.
- Coñecemento da ditadura estalinista e a construción da nova potencia económica.
- Identificación das características da Italia fascista.
- Análise da evolución de Alemaña na posguerra, a aparición do nazismo e o goberno de Hitler.
- Identificación das causas da Segunda Guerra Mundial e análise do seu desenvolvemento e consecuencias.
- Análise da evolución política, social, económica e cultural de España e Galicia de 1902 a 1939: a Segunda República e a Guerra Civil.
- Identificación das orixes da Guerra Fría e a formación dos bloques occidental e comunista.

3ª avaliación

▪ **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- Lectura e análise de textos de banda deseñada e cinematográficos.
- Coñecemento e aplicación en diferentes contextos do vocabulario relacionado coas leis, o pan, os doces e outras lambetadas, a televisión, a radio e o cine e a publicidade.
- Identificación e utilización correcta dos artigos e adxectivos determinativos, incluídos os usos especiais.
- Identificación das perífrases, os adverbios, as preposicións e as conxuncións, e conxugación dos verbos.

- Identificación e análise de diferentes tipos de oracións subordinadas.
- Identificación e emprego con corrección de palabras homónimas, polisémicas, sinónimas e antónimas.
- Identifica os cambios semánticos e os principais recursos de substitución.
- Coñecemento das características da Xeración das Festas Minervais e do teatro de posguerra, os autores máis representativos e realización de comentarios de texto.
- Coñecemento do panorama cultural a partir de 1975, as características, grupos, máximos representantes da narrativa actual, do teatro e da poesía e realización de comentarios de texto.
- Realización das lecturas propostas.

▪ **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

- Identificación da estrutura e características do contrato, as disposicións legais e os folletos e cartas institucionais.
- Identificación das características da linguaxe publicitaria.
- Análise dos mecanismos de cohesión textual.
- Identificación das variedades internas da lingua.
- Identificación das linguas de España e a orixe e evolución do castelán.
- Utilización correcta dos signos de puntuación e da ortografía dos neoloxismos.
- Coñecemento das características da literatura de posguerra e da narrativa hispanoamericana, os autores e obras máis representativos e realización de comentarios de texto.
- Realización das lecturas propostas.

▪ **HISTORIA**

- Análise do proceso de descolonización e de nacemento do Terceiro Mundo.
- Análise da evolución do bloque occidental durante a Guerra Fría.
- Análise da evolución da URSS e as democracias populares, así como a revolución e o maoísmo en China durante a Guerra Fría.
- Análise da evolución de América Latina, África e Asia durante a Guerra Fría.
- Identificación das características da ditadura franquista e análise da evolución desde a Guerra Civil ata 1975 en España e Galicia.
- Análise da desaparición do bloque comunista e a consolidación de Estados Unidos como única superpotencia así como a consolidación da Unión Europea.
- Análise da evolución das outras grandes potencias (Rusia e China) e as transformacións no mundo islámico.
- Identificación dos grandes conflitos dos últimos anos, o proceso de globalización e o subdesenvolvemento.
- Identificación das transformacións sociais e culturais dos últimos anos.
- Análise do proceso da transición democrática en España e en Galicia, da normalización política e da modernización económica e social nos últimos anos.

2.6.3. Temporalización

Tomando como referencia o libro de texto para a materia de Lingua galega e literatura deste curso (C. Díaz e M. Seixo: *Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya) a distribución temporal de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4.
- 2ª avaliación: unidades 5-8.
- 3ª avaliación: unidades 9-12.
- Incluímos a lectura na aula e na casa de textos adaptados á súa madurez.

Tomando como referencia o libro de texto para a materia de Lengua castellana y literatura deste curso (R. Lobato e A. Lahera: *Lengua castellana y Literatura*. Serie Trama, Ed. Oxford) a distribución temporal de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-4.
- 2ª avaliación: unidades 6-8.
- 3ª avaliación: unidades 9-12.
- Incluímos a lectura na clase e na casa de textos adaptados á súa madurez.

Tomando como referencia o libro de texto para a materia de Xeografía deste curso (VV.AA.: *Historia 4 ESO*. Proxecto A Casa do Saber, Ed. Obreroiro, Santillana) a distribución temporal de contidos é a seguinte:

- 1ª avaliación: unidades 1-5
- 2ª avaliación: unidades 6-11
- 3ª avaliación: unidades 12-16

Dedicarase unha hora semanal de lectura en voz alta e o alumnado lerá na casa polo menos un libro por avaliación da súa elección. Periodicamente utilizaranse recursos multimedia na aula e visitarase a Aula Multimedia para familiarizar ao alumnado coa busca de información e a elaboración de traballos usando as TIC.

2.6.4. Contribución da materia ao logro das competencias básicas

❖ Competencia en comunicación lingüística

- Exercitar a capacidade lingüística a través da práctica da comprensión e a expresión de diferentes textos.
- Definir e utilizar palabras con corrección.
- Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Entender as causas das regras da lingua.
- Recoller por escrito as conclusións aceptadas por un grupo.
- Analizar textos literarios e non literarios diferenciando as súas partes e a estrutura propia.
- Expor información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.

❖ Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.

- Deducir información e extraer conclusións.
- Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razoar e argumentar unha opinión.
- Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostrar a capacidade para relacionar contidos.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.
- ❖ **Tratamento da información e competencia dixital**
- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.
- ❖ **Competencia social e cidadá**
- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.
- ❖ **Competencia para aprender a aprender**
- Elaborar e interpretar resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localizar a idea central dun texto, identificar o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.
- ❖ **Competencia cultural e artística**
- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñecer en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.6.5. Procedementos para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de forma oral, ao inicio cada tema e, se o profesor o considera necesario e contribúe a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, levaranse a cabo probas individuais que inclúan actividades de lectura, expresión e comprensión oral e escrita, así como exercicios de gramática.

2.6.6. Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas

- ❖ **Relacionadas coa competencia en comunicación lingüística**
- Utiliza a lingua oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Recoñece a estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
- Coñece e analiza os trazos e os recursos propios de distintos tipos de textos.
- Coñece o vocabulario básico.
- Lembra e aplica as regras de acentuación, os signos de puntuación e a correcta ortografía

das palabras.

- Coñece a estrutura interna das palabras e os mecanismos de formación de palabras novas.
- Repasa e aplica correctamente a morfoloxía, usos e colocación das distintas categorías gramaticais.
- Coñece a situación sociolingüística e legal das distintas linguas na Unión Europea e no Estado español e recoñece os seus dereitos lingüísticos.
- Coñece e identifica as variedades internas da lingua.
- Coñece e identifica as unidades lingüísticas e a sintaxe nas oracións simples e compostas.
- Coñece as relacións semánticas e as causas dos cambios semánticos.
- Coñece e consulta diferentes fontes de información, lingüísticas e non lingüísticas, co obxecto de realizar traballos de investigación adecuados ó seu nivel.
- Recoñece as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade.
- Recoñece as características fundamentais, autores e obras da literatura castelá desde o romanticismo ata a posguerra e o *boom* hispanoamericano.
- Recoñece nas novas tecnoloxías outro medio eficaz de difundir a literatura.
- Realiza as lecturas de obras propostas e comentarios de texto.

❖ Relacionadas coa competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Planifica tarefas e traballos da vida cotiá.
- Deduce información e extrae conclusións.
- Elabora un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Razona e argumenta unha opinión.
- Busca semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Demostra a capacidade para relacionar contidos.
- Valora o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos, tanto persoais como profesionais.

❖ Relacionadas co tratamento da información e competencia dixital

- Utilizar de maneira eficaz as novas tecnoloxías para obter información, realizar actividades e elaborar traballos.

❖ Relacionadas coa competencia social e cidadá

- Coñece as características políticas, sociais, económicas e culturais do Antigo Réxime e a Ilustración en Europa, España e Galicia.
- Coñece as causas e consecuencias das Revolucións Americana e Francesa.
- Identifica as causas e fases da revolución industrial e os seus efectos na sociedade e na cultura.
- Coñece as causas do triunfo dos nacionalismos en Europa e América.
- Analiza as orixes e desenvolvemento do imperialismo colonial e as consecuencias culturais.
- Coñece o desenvolvemento histórico (político e económico) de España e Galicia do século XIX.
- Analiza as causas, desenvolvemento e consecuencias da Primeira Guerra Mundial.
- Coñece a caída do tsarismo, a revolución bolxevique, a formación do estado soviético e a

ditadura estalinista.

- Analiza as causas e consecuencias do nacemento do fascismo e o nazismo no período de entreguerras.
- Identifica as causas, desenvolvemento e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- Analiza os principais acontecementos históricos e culturais do primeiro terzo do século XX en España e en Galicia ata o final da Guerra Civil.
- Coñece as orixes, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Fría.
- Analiza o proceso de descolonización en Asia e África e o nacemento do Terceiro Mundo.
- Coñece o nacemento e evolución das grandes potencias occidentais e orientais, a CEE, o maoísmo en China, e a evolución de América Latina, África e Asia.
- Coñece as características da ditadura franquista e a súa evolución en España e en Galicia.
- Analiza os cambios políticos, económicos, sociais e culturais que se produciron a nivel mundial nos últimos anos do século XX e primeiros do XXI.
- Analiza o período da transición e as súas consecuencias en España e Galicia.
- Debate sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relaciónase cos demais con educación e tolerancia.

❖ Relacionadas coa competencia para aprender a aprender

- Elabora e interpreta resumos, fichas, cadros e esquemas.
- Analiza o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Localiza a idea central dun texto, identifica o tema, as partes nas que se divide e as ideas secundarias.

❖ Relacionadas coa competencia cultural e artística

- Valora a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre coñecer, conservar e defender.
- Desenvolve a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas populares e cultas, tanto propias como alleas.
- Valora a riqueza que supón o plurilingüismo e recoñece en cada lingua a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir a realidade.

2.6.7. Contidos mínimos esixibles

- Utilización da lingua oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes.
- Recoñecemento da estrutura do texto e as propiedades que debe cumprir para que sexa comprensible.
- Análise dos trazos e os recursos propios de distintos tipos de textos.
- Coñecemento do vocabulario básico.
- Aplicación das regras de acentuación, os signos de puntuación e a correcta ortografía das palabras.
- Identificación da estrutura interna das palabras e dos mecanismos de formación de palabras novas.
- Aplicación correcta da morfoloxía, usos e colocación das distintas categorías

gramaticais.

- Coñecemento da situación sociolingüística e legal das distintas linguas na Unión Europea e no Estado español e recoñecemento dos seus dereitos lingüísticos.
- Identificación das variedades internas da lingua.
- Identificación das unidades lingüísticas e da sintaxe nas oracións simples e compostas.
- Identificación das relacións semánticas e as causas dos cambios semánticos.
- Recoñecemento das características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade.
- Recoñecemento das características fundamentais, autores e obras da literatura castelá desde o romanticismo ata a posguerra e o *boom* hispanoamericano.
- Realización das lecturas de obras propostas e comentarios de texto.
- Identificación das características políticas, sociais, económicas e culturais do Antigo Réxime e a Ilustración en Europa, España e Galicia.
- Análise das causas e consecuencias das Revolucións Americana e Francesa.
- Identificación das causas e fases da revolución industrial e os seus efectos na sociedade e na cultura.
- Identificación das causas do triunfo dos nacionalismos en Europa e América.
- Análise das orixes e desenvolvemento do imperialismo colonial e as consecuencias culturais.
- Análise do desenvolvemento histórico (político e económico) de España e Galicia do século XIX.
- Análise das causas, desenvolvemento e consecuencias da Primeira Guerra Mundial.
- Análise da caída do tsarismo, a revolución bolxevique, a formación do estado soviético e a ditadura estalinista.
- Identificación das causas e consecuencias do nacemento do fascismo e o nazismo no período de entreguerras.
- Identificación das causas, desenvolvemento e consecuencias da II Guerra Mundial.
- Análise dos principais acontecementos históricos e culturais do primeiro terzo do século XX en España e en Galicia ata o final da Guerra Civil.
- Análise das orixes, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Fría.
- Análise do proceso de descolonización en Asia e África e o nacemento do Terceiro Mundo.
- Análise do nacemento e evolución das grandes potencias occidentais e orientais, a CEE, o maoísmo en China, e a evolución de América Latina, África e Asia.
- Identificación das características da ditadura franquista e a súa evolución en España e en Galicia.
- Análise dos cambios políticos, económicos, sociais e culturais que se produciron a nivel mundial nos últimos anos do século XX e primeiros do XXI.
- Análise do período da transición e as súas consecuencias en España e Galicia.

2.6.8. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.6.8.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorárase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.6.8.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.6.8.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

- As propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)
- O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.6.9. Criterios de cualificación

2.6.9.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación.	10%
C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ⁶	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:
 Nas probas escritas os exames incluírán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha

⁶ Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,8 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1.$$

2.6.9.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse utilizando as etiquetas de insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais. Considerarase como negativa a cualificación de insuficiente e como positivas todas as demais.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.6.9.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.6.9.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

2.6.10. Materiais e recursos didácticos

Os libros de texto de referencia na aula serán: . Díaz e M. Seixo: *Lingua Galega e Literatura*. Ed. Anaya, R. Lobato e A. Lahera: *Lengua castellana y Literatura*. Serie Trama, Ed. Oxford e VV.AA.: *Historia 4 ESO*. Proxecto A Casa do Saber, Ed. Obradoiro, Santillana. Utilizaranse tamén caderniños de exercicios e material elaborado polo profesorado, así como dicionarios, enciclopedias e mapas. Así mesmo, dentro do Plan lector, contarase cunha biblioteca de aula, para a realización de unha hora semanal de lectura en voz alta e visitarase periodicamente a Biblioteca para a escolla de libros que o alumnado lerá na casa. Utilizaranse recursos multimedia na aula e visitarase a Aula Multimedia para familiarizar ao alumnado coa busca de información e a elaboración de traballos usando as TIC.

2.7. 1º BAC. LINGUA GALEGA E LITERATURA

2.7.1. Obxectivos

- ✓ Utilizar oralmente e por escrito con corrección a lingua galega en todas as actividades da clase.
- ✓ Coñecer a orixe da lingua galega: o proceso de romanización do noso territorio e a influencia dos substratos e superestratos na súa evolución.
- ✓ Coñecer a evolución histórica da lingua galega: o proceso de formación do galego-portugués, a situación cultural do galego antigo, do galego medio e do galego moderno, e as súas características lingüísticas.
- ✓ Analizar criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
- ✓ Analizar en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades internas da lingua que se manifestan neles, así como as valoracións e actitudes sociolingüísticas implícitas.
- ✓ Coñecer a realidade plurilingüe da Península.
- ✓ Coñecer os conceptos básicos da teoría da comunicación: os tipos de comunicación, os elementos do acto comunicativo, as funcións da lingua, o signo lingüístico...
- ✓ Comprender e identificar discursos de distinto tipo (recoñecendo as estruturas básicas nas que se organizan segundo o seu contido), transmitidos por canles diferentes, identificando a situación de comunicación en que se producen e a intención comunicativa.
- ✓ Participar en debates acerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica dos mesmos e das mensaxes dos medios de comunicación.
- ✓ Elaborar unha exposición dun tema propio do ámbito académico utilizando procedementos de documentación e distintas estratexias que faciliten a comprensión e a expresión.
- ✓ Utilizar a reflexión sobre a lingua nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos, clasificación, análise, etc.
- ✓ Aplicar correctamente as regras de acentuación e dos signos de puntuación, e usar axeitadamente grafías conflitivas, prefixos e terminacións e grupos consonánticos dúbidosos.
- ✓ Coñecer e analizar en profundidade as categorías gramaticais, as características, clasificación, uso, etc.
- ✓ Recoñecer as características fundamentais, autores e obras da literatura galega desde a Idade Media ata o século XIX.
- ✓ Establecer relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural no que se produciu, delimitando as principais etapas literarias desde a Idade Media ata o século XIX.
- ✓ Interpretar textos e obras tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada.

- ✓ Realizar comentarios críticos de textos literarios e non literarios.
- ✓ Demostrar a realización das lecturas marcadas como obrigatorias.

2.7.2. Secuencia de contidos

A materia de Lingua Galega e Literatura de 1º de Bacharelato está composta por catro grandes bloques temáticos que se tratarán de modo simultáneo. Ocuparémonos conxuntamente dos aspectos comunicativos, gramaticais, sociolingüísticos e literarios da programación, así como tamén das técnicas de traballo e as actitudes, valores e normas relacionados con ela. É importante que o alumnado siga o ritmo das clases para que en cada caso traia o material preciso. Este ritmo, que alterna diferentes aspectos, permitirá que cando sexan asignadas tarefas para a casa que complementen o feito na clase, o alumnado dispoña de máis tempo para a súa realización.

BLOQUE I: LINGUA E TEXTOS

Este bloque comeza pola análise da comunicación e as características da linguaxe humana, amais do contorno da comunicación, os elementos perturbadores da mesma, a intención comunicativa, o signo lingüístico e a distinción entre linguaxe, lingua e fala. Estes contidos estudaranse na 1ª avaliación.

Trataranse tamén na 1ª avaliación as seguintes modalidades textuais: narración, descrición e diálogo. Na 2ª avaliación, veremos as restantes modalidades textuais: exposición e argumentación.

Outros aspectos trataranse ao longo de todo o curso, como ortografía, definición e comprensión lectora e técnicas de traballo intelectual como o subliñado, o resume e mais o esquema. A competencia comunicativa tanto oral como escrita (como receptores e produtores de textos) é un obxectivo fundamental do curso. Por iso se farán tamén prácticas de redacción para elaborar textos correctos, coherentes e eficaces e se esixirá que os alumnos e alumnas demostren a súa capacidade para expresarse axeitadamente na nosa lingua.

BLOQUE II: GRAMÁTICA

Outro bloque temático importante é o que se dedicará ao repaso de cuestións gramaticais xa impartidas nos cursos anteriores que se tratarán agora con maior profundidade. A súa secuenciación por avaliacións será a seguinte:

1ª Avaliación: Substantivo. Adxectivo cualificativo.

2ª Avaliación: Determinantes: artigo (determinado), demostrativos e posesivos. Pronomes persoais. Outros determinantes e pronomes: relativos, interrogativos e exclamativos, indefinidos, numerais. Verbos regulares e semirregulares.

3ª Avaliación: Verbos irregulares. Perífrases verbais. Formas nominais. Adverbios, preposicións e conxuncións.

BLOQUE III: SOCIOLINGÜÍSTICA

Neste terceiro apartado, trataranse cuestións sociolingüísticas que nos permitirán coñecer mellor a nosa lingua e a situación na que se encontra. O temario é o seguinte:

1ª avaliación: Diversidade lingüística. Variación interna da lingua. Formación do galego. Substrato, adstrato e superestrato. A formación histórica do léxico galego: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. A lingua galega na Idade Media.

2ª avaliación: A decadencia do galego nos séculos XVI, XVII e XVIII.

3ª avaliación: A situación do galego no século XIX

BLOQUE IV: A LITERATURA GALEGA ANTERIOR AO SÉCULO XX

Durante este curso estudaremos a literatura galega anterior ao século XX, etapa que se tratará en 2º de Bacharelato. Faremos un desenvolvemento histórico que se iniciará co estudo da Literatura Medieval e completará o percorrido cos Séculos Escuros e o Rexurdimento. Este bloque temático vainos poñer en contacto cos períodos e tendencias máis destacados e coñecer cales foron os autores e obras fundamentais de cada un deles nos distintos xéneros literarios. Tamén analizaremos fragmentos de obras narrativas, ensaísticas ou teatrais e poemas seleccionados pola súa representatividade con respecto ao movemento estudado. O temario é o seguinte:

1ª avaliación: Introducción ao estudo da literatura galega. O nacemento da literatura galega. A literatura galega medieval. As cantigas de amigo.

2ª avaliación: As cantigas de amor. As cantigas satíricas. Os xéneros menores. A lírica relixiosa. A prosa medieval. Os Séculos Escuros. Introducción á literatura do século XIX.. O Prerrexurdimento.

3ª avaliación: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. Outros escritores do Rexurdimento. A prosa e o teatro do século XIX.

BLOQUE V: ORTOGRAFÍA

Outro bloque temático importante é o que se dedicará ao repaso de cuestións ortográficas xa impartidas nos cursos anteriores que se tratarán agora con maior profundidade. A súa secuenciación por avaliacións será a seguinte:

1ª Avaliación: Puntuación. Diérese e abreviación. Maiúsculas e minúsculas. Acentuación.

2ª Avaliación: Uso dalgunhas grafías dubidosas. Contraccións de con e ca+ artigo. Grupos consonánticos. Uso de ca/cua/co e ga/gua/go.

3ª Avaliación: Uso de haber/a ver, porque/por que/porqué, se non/senón, máis/mais/ e mais/amais de/os mais e demais/de máis. Uso de ai/aí/hai, e/é/eh, a/á/ah/ha e o/ó/oh/ho.

Detalladamente, a secuenciación de contidos será a seguinte:

1ª avaliación

- * Identificación dos tipos de comunicación e as características da linguaxe humana.
- * Identificación dos elementos que interveñen nun acto comunicativo, así como os elementos perturbadores.
- * Identificación da intención comunicativa dunha mensaxe distinguindo as funcións da linguaxe.
- * Discriminación entre linguaxe, lingua e fala.
- * Comprensión do concepto de signo e as características específicas do signo lingüístico.
- * Análise das estruturas básicas nas que se organiza o texto segundo o seu contido.
- * Identificación das características principais e os trazos lingüísticos dos textos dialogados, descritivos e narrativos. Análise de textos de diferente tipo.
- * Identificación morfolóxica e sintáctica dos substantivos e clasificación segundo o significado, orixe e composición.
- * Coñecemento e aplicación das regras básicas de gramática: xénero e número.

- * Identificación morfolóxica e sintáctica do adxectivo e coñecemento e aplicación correcta dos procedementos de formación do comparativo e superlativo.
- * Coñecemento e aplicación correcta das regras de puntuación.
- * Coñecemento e aplicación correcta das regras de acentuación, en especial as normas do acento diacrítico, así como as normas ortográficas.
- * Coñecemento das variedades diacrónica, diatópica, diafásica e diastrática da lingua e distinción do nivel e o rexistro lingüístico nunha situación comunicativa concreta, así como a variedade estándar da lingua.
- * Coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica.
- * Análise da orixe da lingua galega: o proceso de romanización do noso territorio e as influencias do substrato, adstrato e superestrato na súa evolución.
- * Identificación de palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- * Análise da evolución histórica da lingua galega: o proceso de formación do galego-portugués, a situación histórica e cultural do galego antigo e as súas características lingüísticas.
- * Comprensión do concepto de “período literario” e dos períodos e movementos da nosa literatura.
- * Identificación das características fundamentais dos textos poéticos.
- * Identificación das características principais da lírica profana galego-portuguesa e identificación e comentario das *Cantigas de amigo*.
- * Escritura correcta de palabras con grafías conflitivas.
- * Expresión coa corrección que esixe este nivel académico.
- * Realización de comentarios de texto.
- * Demostración da realización da lectura marcada como obrigatoria.

2ª avaliación

- * Identificación das características principais e dos trazos lingüísticos dos textos expositivos e argumentativos. Análise de textos de diferente tipo.
- * Identificación morfolóxica e sintáctica do pronome persoal, identificación e uso correcto as formas átonas e reflexivas e coñecemento e aplicación correcta das normas de colocación e concorrencia, así como os valores que poida adquirir.
- * Identificación do artigo, uso correcto das segundas formas e recoñecemento dos seus usos específicos.
- * Identificación dos demostrativos e posesivos e coñecemento dos seus usos e valores especiais.
- * Identificación e uso correcto dos adxectivos/pronomes relativos, interrogativos, exclamativos, numerais, indefinidos.
- * Coñecemento da estrutura morfolóxica das formas verbais regulares.
- * Identificación dos valores dos modos e dos tempos nas formas verbais e conxugación de verbos regulares.
- * Coñecemento da evolución histórica da lingua galega: o galego medio e as súas características lingüísticas.
- * Expresión coa corrección que esixe este nivel académico.
- * Identificación das características fundamentais dos textos poéticos.
- * Identificación das características principais da lírica profana galego-portuguesa e comentario dos diferentes xéneros.
- * Identificación e comentario das *Cantigas satíricas*, as *Cantigas de amor* e das *Cantigas*

de Santa María

- * *Coñecemento* dalgunhas manifestacións da prosa literaria medieval.
- * Coñecemento das mostras literarias galegas dos Séculos Escuros e os autores máis salientables, e relación da escaseza de escritores coa situación socio-lingüística nesta época.
- * Identificación do contexto histórico do Prerrexurdimento e das producións literarias dos “Precusores”.
- * Interpretación dos acontecementos históricos de recuperación do século XIX, e análise das causas da recuperación literaria na segunda metade do XIX.
- * Identificación e análise das manifestacións literarias do século XIX, valorando especialmente a obra dos tres grandes poetas decimonónicos e as súas aportacións á literatura e vida cultural galega.
- * Realización de comentario de textos de distintos tipos.
- * Escritura correcta de palabras con grafías conflitivas.
- * Demostración da realización da lectura marcada como obrigatoria.

3ª avaliación

- * Coñecemento da estrutura morfolóxica das formas verbais regulares e irregulares.
- * Identificación dos valores dos modos e dos tempos nas formas verbais e conxugación de verbos regulares e irregulares.
- * Identificación e uso correcto das formas nominais do sistema verbal e identificación do significado das perífrases.
- * Coñecemento e uso correcto de adverbios, preposicións e conxuncións.
- * Coñecemento da evolución histórica da lingua galega: o galego moderno e as súas características lingüísticas.
- * Identificación e análise das manifestacións literarias do século XIX, valorando especialmente a obra de Rosalía, Curros e Pondal e as súas aportacións á literatura e vida cultural galega.
- * Realización de comentarios de textos literarios de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
- * Realización de comentarios de texto.
- * Escritura correcta de palabras con grafías conflitivas.
- * Expresión coa corrección que esixe este nivel académico.
- * Demostración da realización da lectura marcada como obrigatoria.

2.7.3. Temporalización

A distribución de contidos de 1º de Bacharelato é a seguinte:

DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS
1ª AVALIACIÓN
BLOQUE 1: COMUNICACIÓN E TIPOLOXÍA TEXTUAL Comunicación e linguaxe. O texto. Tipoloxía. Texto descritivo. Texto narrativo. Texto dialogado.
BLOQUE 2: GRAMÁTICA

Substantivo. Adxectivo cualificativo.

BLOQUE 3: SOCIOLINGÜÍSTICA

Diversidade lingüística. Variación interna da lingua. Formación do galego. A lingua na Idade Media.

BLOQUE 4: LITERATURA

A literatura e o texto literario. A literatura medieval: Introducción. A cantiga de amigo.

BLOQUE 5: ORTOGRAFÍA

Puntuación. Diérese e abreviación. Maiúsculas e minúsculas. Acentuación.

LECTURA OBRIGATORIA

COMENTARIO DE TEXTOS

2ª AVALIACIÓN

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN E TIPOLOXÍA TEXTUAL

Texto expositivo. Texto argumentativo.

BLOQUE 2: GRAMÁTICA

Determinantes: artigo (determinado), demostrativos, posesivos. Pronomes persoais. Outros determinantes e pronomes: relativos, interrogativos e exclamativos, indefinidos, numerais. Verbos regulares e semirregulares.

BLOQUE 3: SOCIOLINGÜÍSTICA

A lingua nos séculos XVI, XVII e XVIII

BLOQUE 4: LITERATURA

A literatura medieval: a cantiga de amor. A cantiga de escarnio e maldicir. Xéneros menores. A lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María*. A prosa. A literatura nos Séculos Escuros. A literatura no século XIX. O Prerrexurdimento.

BLOQUE 5: ORTOGRAFÍA

Uso do H. Contracción de CON e CA + artigo. Uso de B/V e S/X. J, K, W, Y e Grupos consonánticos. Uso de CA/CUA/CO e GA/GUA/GO.

LECTURA OBRIGATORIA

COMENTARIO DE TEXTOS

3ª AVALIACIÓN

BLOQUE 2: GRAMÁTICA

Verbos irregulares. Perífrases verbais. Formas nominais. Adverbios, preposicións e conxuncións.

BLOQUE 3: SOCIOLINGÜÍSTICA

A lingua no século XIX.

BLOQUE 4: LITERATURA

O Rexurdimento: Rosalía. Pondal. Curros. Outros autores.

BLOQUE 5: ORTOGRAFÍA

Uso de HABER/A VER e PORQUE/POR QUE/PORQUÉ. Uso de SE NON/SENÓN, MAIS/MÁIS/E MAIS/AMAI DE/ OS MAIS e DEMAIS/DE MÁIS. Uso de AI/AÍ/HAI, E/É/EH, A/Á/AH/HA e O/Ó/OH/HO.

LECTURA OBRIGATORIA
COMENTARIO DE TEXTOS

LECTURAS:

Traballarase a lectura en colaboración co Proxecto lector, lendo, cando menos, un libro por avaliación dos incluídos na seguinte listaxe a cal poderá variar ao longo do curso incluíndo novos títulos por suxestión do profesorado ou do propio alumnado. Lectura e control de alomenos unha das obras que figuran na seguinte relación:

Agrafoxo, Xerardo. *A maleta de Victoria Kent*. Ed. Galaxia
Alfaya, An. *Vía secundaria**. Ed. Xerais
Ameixeiras, Diego. *Dime algo sucio*. Ed. Xerais
Aneiros, Rosa. *Resistencia*. Ed. Xerais
Atxaga, Bernardo. *Sete casas en Francia*. Factoría K de libros
Calveiro, Marcos. *Settecento*. Ed. Xerais
De Toro, Suso. *Non volvas*. Ed. Xerais
Feijoo Barreiro, Pedro. *Os fillos do mar*. Ed. Xerais / *A memoria da choiva*. Ed. Xerais
Fernández, Miguel Anxo. *Lume de cobiza*. Ed. Galaxia / *Bicame, Frank*. Ed. Galaxia
Fernández Ferreiro, Xosé. *Agosto do 36*. Ed. Xerais
Fernández Paz, Agustín. *A viaxe de Gagarin*. Ed. Xerais
Haddon, Mark. *O curioso incidente do can á media noite*. Rinoceronte Ed.
Miranda, Xosé. *Morning Star*. Ed. Xerais
Navaza, Gonzalo. *Erros e Tánatos**. Ed. Xerais
Paasilinna, Arto. *O bosque dos raposos aforcados*. Rinoceronte Ed.
Portas, Manuel. *Faneca brava*. Ed. Xerais
Queipo, Xavier. *Papaventos*. Ed. Xerais / *Extramunde*. Ed. Xerais
Queizán, M^a Xosé. *Amor de tango / Ten o seu punto a fresca rosa*. Ed. Xerais
Regueiro, Mario. *Outono aquí*. Ed. Sotelo Blanco
Reigosa, Carlos. *A lei das ánimas*. Ed. Galaxia
Riveiro, Antón. *Laura no deserto/ A quinta de Saler/ As rulas de Bakunin*. Ed. Galaxia
Ruibal, Rubén. *Limpeza de sangue**. Ed. Xerais
Vidal Bolaño, Roberto. *Saxo tenor**. Ed. Xerais
Villar, Domingo. *Ollos de auga*. Ed. Galaxia / *A praia dos afogados*. Ed. Galaxia

Ademais, o alumnado poderá realizar lecturas de obras que figuran no programa de Lingua e Literatura Galega II:

Ramón Cabanillas: *Na noite estrelecida* (1926)
Daniel R. Castelao: *Cousas* (1926)
Rafael Dieste: *Dos arquivos do trasno* (1926)
Rafael Dieste: *A fiestra baldeira* (1927)
Manuel Antonio: *De catro a catro* (1928)
Vicente Risco: *O porco de pé* (1928)
Ramón Otero Pedrayo: *Os camiños da vida* (1928)
Daniel R. Castelao: *Os vellos non deben de namorarse* (1941)

Ánxel Fole: *Á lus do candil* (1953)
 Uxío Novoneyra: *Os eidos* (1955)
 Álvaro Cunqueiro: *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958)
 Eduardo Blanco-Amor: *A esmorga* (1959)
 Xosé Luís Méndez Ferrín: *O crepúsculo e as formigas* (1961)
 Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego* (1961)
 Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra* (1962)
 Álvaro Cunqueiro: *Xente de aquí e de acolá* (1971)
 Euloxio R. Ruibal: *Zardigot* (1973)
 Xosé Luís Méndez Ferrín: *Con pólvora e magnolias* (1976)
 Álvaro Cunqueiro: *Herba de aquí e acolá* (1980)
 Luz Pozo: *Códice calixtino* (1986)
 Xosé Luís Méndez Ferrín: *Arraianos* (1991)
 Suso de Toro: *Tic-Tac* (1993)
 Darío Xohán Cabana: *Morte de rei* (1996)
 Pilar Pallarés: *O libro das devoracións* (1996)
 Manuel Rivas: *O lapis do carpinteiro* (1998)
 Carlos Casares: *O sol do verán* (2002)
 Camilo Gonsar: *A noite da aurora* (2003)

2.7.4. Criterios de avaliación

- ❖ Utiliza oralmente e con corrección a lingua galega en todas as actividades da clase.
- ❖ Coñece a orixe da lingua galega: o proceso de romanización do noso territorio e a influencia dos substratos e superestratos na súa evolución.
- ❖ Coñece a evolución histórica da lingua galega: o proceso de formación do galego-portugués, a situación cultural do galego antigo, do galego medio e do galego moderno, e as súas características lingüísticas.
- ❖ Analiza criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
- ❖ Analiza en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades lingüísticas que se manifestan neles, así como as valoracións e actitudes sociolingüísticas implícitas.
- ❖ Coñece a realidade plurilingüe da Península.
- ❖ Coñece os elementos do acto comunicativo e recoñece os niveis de lingua e os rexistros de fala.
- ❖ Comprende e identifica discursos de distinto tipo (recoñecendo as estruturas básicas nas que se organizan segundo o seu contido), transmitidos por canles diferentes, identificando a situación de comunicación en que se producen e a intención comunicativa.
- ❖ Participa en debates acerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica dos mesmos e das mensaxes dos medios de comunicación.
- ❖ Elabora unha exposición dun tema propio do ámbito académico utilizando procedementos de documentación e distintas estratexias que faciliten a comprensión e a

expresión.

- ❖ Utiliza a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos, segmentación, conmutación, clasificación, análise, etc.
- ❖ Aplica correctamente as regras de acentuación e dos signos de puntuación, e usa axeitadamente grafías conflitivas, prefixos e terminacións e grupos consonánticos dubidosos.
- ❖ Establece relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural na que se produciu, delimitando as principais etapas literarias ó longo da historia.
- ❖ Interpreta textos e obras tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada.
- ❖ Sabe medir versos e reconece a rima e os tipos de estrofas.
- ❖ Realiza comentarios críticos de textos.
- ❖ Demostra a realización das lecturas marcadas como obrigatorias.

2.7.5. Contidos mínimos esixibles

- * Uso oral e escrito da lingua galega en todas as actividades da clase coa corrección ortográfica e expresiva que esixe este nivel académico.
- * Identificación dos tipos de comunicación e as características, os elementos do acto comunicativo, as funcións da linguaxe, o signo lingüístico e as diferenzas, entre linguaxe, lingua e fala.
- * Identificación das características principais e os trazos lingüísticos dos textos dialogados, descritivos, narrativos, expositivos e argumentativos.
- * Análise da orixe da lingua galega e a súa evolución ata o século XIX e identificación de palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- * Análise morfolóxica e sintáctica, valores e usos das distintas categorías gramaticais: substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, perífrases verbais, adverbios, preposicións e conxuncións.
- * Identificación das variedades internas da lingua e das súas características, así como da realidade plurilingüe da Península.
- * Identificación das características principais dos xéneros medievais e comentario de textos.
- * Análise das distintas tendencias e autores do século XIX, en especial do Rexurdimento e comentario de textos.
- * Demostración da realización da lectura marcada como obrigatoria.

2.7.6. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.7.6.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita

ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorárase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.7.6.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.7.6.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos: as propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura) e o caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.7.7. Criterios de cualificación

2.7.7.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación.	10%
C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ⁷	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Nas probas escritas os exames incluírán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05

⁷ Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerárase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoráranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén, neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender...

No **apartado C** valorárase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,8 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1.$$

2.7.7.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica do 0 ao 10 e considerando positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5. A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.7.7.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.7.7.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

Segundo o RRI, o alumnado que falte reiteradamente a clase perderá o dereito á avaliación continua, co cal a súa avaliación consistirá nun exame final de toda a materia que incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

2.7.8. Materiais e recursos didácticos

Utilizaranse materiais elaborados polo profesorado e recursos multimedia.

Traballarase a lectura lendo, cando menos, un libro por avaliación e demostrando, oralmente ou por escrito, a lectura do mesmo.

2.8. 2º BAC. LINGUA GALEGA E LITERATURA

2.8.1. Obxectivos

- ✓ Utilizar oralmente e por escrito con corrección a lingua galega en todas as actividades da clase.
- ✓ Analizar criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
- ✓ Ser capaz de analizar a situación do galego na nosa comunidade, en España e no mundo e comprender o proceso de normalización lingüística.
- ✓ Analizar en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades lingüísticas que se manifestan neles, así como as valoracións e actitudes sociolingüísticas implícitas.
- ✓ Coñecer as estruturas, factores e recursos que permiten cumprir nun texto coas esixencias da coherencia, da cohesión e da adecuación á situación comunicativa, para producir textos de distinto tipo.
- ✓ Participar en debates acerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica dos mesmos e das mensaxes dos medios de comunicación.
- ✓ Expor a opinión sobre certos temas ordenada e coherentemente.
- ✓ Utilizar a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos.
- ✓ Establece relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural na que se produciu, delimitando as principais etapas literarias do século XX e a actualidade.
- ✓ Interpreta textos e obras tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada.
- ✓ Realiza comentarios críticos de textos.

2.8.2. Secuencia de contidos

A materia de Lingua Galega e Literatura de 2º de Bacharelato está composta por catro grandes bloques temáticos que se tratarán de modo simultáneo, facilitándose, así, a preparación da proba de Selectividade. Polo tanto, ocuparémonos conxuntamente dos aspectos comunicativos, gramaticais, sociolingüísticos e literarios da programación, así como tamén das técnicas de traballo e as actitudes, valores e normas relacionados con ela. É importante que o alumno siga o ritmo das clases para que en cada caso traia o material preciso. Este ritmo, que alterna diferentes aspectos, permitirá que cando sexan asignadas tarefas para a casa que complementen o feito na clase, os alumnos dispoñan de máis tempo para a súa realización.

BLOQUE I: ANÁLISE DE TEXTOS

Correspóndese coas preguntas 1, 2 e 3 do modelo de exame de Selectividade. Ao longo do curso e en todas as avaliacións trataranse as diferentes modalidades textuais

(narración, descripción, diálogo, exposición e argumentación), aspectos como ortografía, definición e comprensión lectora e técnicas de traballo intelectual como o subliñado, o resume e mais o esquema. A competencia comunicativa tanto oral como escrita (como receptores e produtores de textos) é un obxectivo fundamental do curso. Por iso se farán tamén prácticas de redacción para elaborar textos correctos, coherentes e eficaces e se esixirá que os alumnos e alumnas demostren a súa capacidade para expresarse axeitadamente na nosa lingua.

BLOQUE II: GRAMÁTICA

Outro bloque temático importante é o que se dedicará ao repaso de cuestións gramaticais xa impartidas no curso anterior e ao tratamento doutras novas, fundamentalmente de dialectoloxía, sintaxe e semántica. Este bloque correspóndese coas preguntas 4 e 5 de Selectividade e a súa secuenciación por avaliacións será a seguinte:

1ª Avaliación: Fonética e Fonoloxía. Acentuación. Morfoloxía. Substantivos e Adxectivos. O artigo. Semántica.

2ª Avaliación: Demostrativos. Posesivos. Relativos. Interrogativos. Exclamativos. Numerais. Indefinidos. Pronomes persoais. Dialectoloxía.

3ª Avaliación: Verbos regulares e irregulares. Adverbios. Preposicións e conxuncións. Sintaxe.

BLOQUE III: SOCIOLINGÜÍSTICA

Neste terceiro apartado, que se corresponde coa pregunta 6 de Selectividade, trataranse cuestións sociolingüísticas que nos permitirán coñecer mellor a nosa lingua e a situación na que se encontra. O temario é o seguinte (Temas 1 e 2 na primeira avaliación; 3 e 4 na segunda e 5 e 6 na terceira):

1.As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

2.Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

3.Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

4.O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

5.O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

6.O galego a finais do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

BLOQUE IV: LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX

Correspóndese coa pregunta 7 de Selectividade e vén a completar o desenvolvemento histórico que se iniciou o ano anterior, co estudo da Literatura Medieval, dos Séculos Escuros e do Rexurdimento. Este bloque temático vains poñer en contacto cos períodos e tendencias máis destacados e coñecer cales foron os autores e obras fundamentais de cada un deles nos distintos xéneros literarios. Tamén analizaremos fragmentos de obras narrativas, ensaísticas ou teatrais e poemas seleccionados pola súa representatividade con respecto ao movemento estudado. O temario é o seguinte (Temas 1,2,3 e 4 na primeira avaliación; 5,6,7 e 8 na segunda e 9,10,11 e 12 na terceira):

- 1.A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
- 2.A poesía da vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.A prosa do primeiro terzo do século XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.O teatro do primeiro terzo do século XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
- 5.A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, A Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
- 6.A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco-Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
- 7.A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
- 8.O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
- 9.A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
- 10.A poesía de fins do século XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
- 11.A prosa de fins do século XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
- 12.O teatro de fins do século XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

Detalladamente, a secuenciación de contidos será a seguinte:

1ª Avaliación

- * Expresión coa corrección que esixe este nivel académico.
- * Comprensión do fenómeno das linguas en contacto e definición do termo “conflito lingüístico” coas súas causas e consecuencias.
- * Comprensión dos termos “bilingüismo” e “diglosia” e das súas causas e consecuencias.
- * Análise do proceso de normativización lingüística e explicación dos diferentes factores que interveñen neste proceso así como o estado actual e o porvir da lingua galega.
- * Coñecemento das estruturas básicas nas que se organiza o texto segundo o seu contido.
- * Identificación dos factores e os recursos que permiten cumprir nun texto coas esixencias de cohesión, coherencia e adecuación.
- * Definición dos fonemas vocálicos e consonánticos.
- * División de palabras en sílabas e clasificación de ditongos, tritongos e hiatos.
- * Coñecemento e clasificación da estrutura interna das palabras e dos procedementos de formación de palabras.
- * Aplicación das regras básicas de gramática: xénero e número, formación dos graos do adxectivo, o artigo.
- * Comprensión do concepto de campo semántico e identificación das diferentes relacións semánticas comprendendo as causas, mecanismos e consecuencias dos cambios semánticos.
- * Análise das obras representativas e as características definitorias da escrita de Noriega Varela e Ramón Cabanillas e comentario de textos seus.
- * Identificación das características, autores e obras dos movementos de vangarda e análise de poemas das figuras máis salientables (Manuel Antonio, Bouza-Brey, Amado Carballo, Blanco Amor ...)
- * Coñecemento da traxectoria biográfica e ideolóxica do Grupo Nós (V. Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Rafael Dieste) así como da súa transcendencia na literatura galega e

comentario de fragmentos da súa obra.

- * Coñecemento das obras e os autores máis representativos do teatro de preguerra.
- * Análise crítica de textos de diferente tipo.

2ª avaliación

- * Expresión coa corrección que require este nivel académico.
- * Definición de lingua minorizada e lingua minoritaria e indicación de semellanzas e diferenzas.
- * Coñecemento da evolución do galego no contexto histórico do primeiro terzo do século XX e análise das características lingüísticas da época estudada, os aspectos lexislativos e os niveis de uso en distintos ámbitos da nosa sociedade.
- * Coñecemento das variedades xeográficas do galego actual.
- * Aplicación correcta das regras básicas de gramática: formas e regras de uso dos demostrativos, posesivos, relativos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos.
- * Identificación e uso das formas átonas e reflexivas do pronome persoal, o pronome de solidariedade e o dativo de interese.
- * Análise crítica de textos de diferente tipo, recoñecendo a súa estrutura e tipoloxía.
- * Interpretación do contexto histórico e cultural no que se desenvolveu a literatura desde o Rexurdimento ata a Guerra Civil.
- * Coñecemento do grupo poético do exilio, así como a vida, obra e transcendencia de C.E. Ferreiro na literatura galega e comentario de textos seus.
- * Análise das direccións poéticas, autores e obras máis importantes da posguerra e comentario de textos seus.
- * Coñecemento da vida e obra dos escritores máis salientables da prosa de posguerra e a súa transcendencia na literatura galega: Álvaro Cunqueiro, Blanco Amor, Ánxel Fole e Neira Vilas.
- * Coñecemento das características, autores e obras máis representativas da Nova Narrativa Galega.
- * Coñecemento das características, autores e obras máis representativas do teatro galego entre 1936 e 1976.

3ª avaliación

- * Expresión coa corrección que esixe este nivel académico.
- * Coñecemento da estrutura morfolóxica das formas verbais e conxugación correcta dos verbos.
- * Identificación e uso correcto das formas nominais e as perífrases verbais (determinando o seu significado).
- * Identificación, clasificación e uso con corrección de adverbios e locucións adverbiais, preposicións e conxuncións.
- * Identificación das distintas clases de frases, os seus elementos constituíntes e as funcións que poden desempeñar na oración, e os diferentes tipos de oracións.
- * Análise dos aspectos sintácticos característicos de gramática galega.
- * Coñecemento da evolución do galego no contexto histórico dos séculos XX e XXI e análise das características lingüísticas das diferentes épocas estudadas, os aspectos lexislativos e os niveis de uso en distintos ámbitos da nosa sociedade.
- * Coñecemento do ámbito histórico e cultural da poesía das dúas últimas décadas do século XX e principios do XXI, características, tendencias, autores e obras máis

destacados.

- * Coñecemento das tendencias, obras e autores máis representativos da narrativa galega actual.
- * Coñecemento das tendencias, obras e autores máis representativos do teatro galego actual.
- * Comentario de textos de diferente tipo.

2.8.3. Temporalización

Para facer a nosa distribución de contidos (indicada en cada un dos bloques do epígrafe anterior) tomamos como referencia as indicacións do Grupo de Traballo de Lingua e Literatura Galegas da CIUG para as Probas de Acceso á Universidade.

2.8.4. Criterios de avaliación

- ❖ Utiliza oralmente e por escrito con corrección a lingua galega en todas as actividades da clase.
- ❖ Analiza criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
- ❖ É capaz de analizar a situación do galego na nosa comunidade, en España e no mundo e comprende o proceso de normalización lingüística.
- ❖ Analiza en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades lingüísticas que se manifestan neles, así como as valoracións e actitudes sociolingüísticas implícitas.
- ❖ Coñece as estruturas, factores e recursos que permiten cumprir nun texto coas esixencias da coherencia, da cohesión e da adecuación á situación comunicativa, para producir textos de distinto tipo.
- ❖ Participa en debates acerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica dos mesmos e das mensaxes dos medios de comunicación.
- ❖ Expón a opinión sobre certos temas ordenada e coherentemente.
- ❖ Utiliza a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos.
- ❖ Establece relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural na que se produciu, delimitando as principais etapas literarias do século XX e a actualidade.
- ❖ Interpreta textos e obras tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada.
- ❖ Realiza comentarios críticos de textos.

2.8.5. Contidos mínimos esixibles

- * Expresión coa corrección que esixe este nivel académico.
- * Comprensión do fenómeno das linguas en contacto, “bilingüismo” e “diglosia”, o proceso de normativización lingüística, lingua minorizada e lingua minoritaria.

- * Coñecemento das estruturas básicas nas que se organiza o texto segundo o seu contido.
 - * Definición dos fonemas vocálicos e consonánticos e clasificación de ditongos, tritongos e hiatos.
 - * Coñecemento e clasificación da estrutura interna das palabras e dos procedementos de formación de palabras.
 - * Aplicación das regras básicas de gramática nas distintas categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes, verbo, perífrases, adverbio, preposición e conxunción), así como dos seus usos e valores.
 - * Comprensión do concepto de campo semántico e identificación das diferentes relacións semánticas comprendendo as causas, mecanismos e consecuencias dos cambios semánticos.
 - * Análise das correntes literarias, obras representativas e as características definatorias dos principais autores da literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade
 - * Comentario de textos das obras representativas da literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade.
 - * Coñecemento da evolución do galego ao longo do século XX ata a actualidade e análise das características lingüísticas da época estudada, os aspectos lexislativos e os niveis de uso en distintos ámbitos da nosa sociedade.
 - * Coñecemento das variedades xeográficas do galego actual.
-
- * Identificación das distintas clases de frases, os seus elementos constituíntes, as funcións que poden desempeñar na oración, os diferentes tipos de oracións e os aspectos sintácticos característicos de gramática galega.
 - * Análise crítica de textos de diferente tipo.

2.8.6. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.8.6.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e

criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.8.6.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.8.6.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

- As propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)
- O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.8.7. Criterios de cualificación

2.8.7.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas (esixirase unha nota mínima dun 4 para facer media).	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, a atención, o esforzo, o interese, o comportamento e a participación.	10%
C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter optativo ⁸	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Obviamente, o emprego do galego, tanto oralmente como por escrito, é absolutamente imprescindible para aprobar. Cómpre lembrar, neste sentido, que non hai outro xeito de acadar unha competencia axeitada nunha lingua que usándoa. Nas probas escritas, os exames incluírán unha **parte teórica** e unha **parte práctica**, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. **Para acadar unha cualificación positiva é necesario responder a cada un destes dous apartados.** Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos (catro en 2º de Bacharelato,

⁸ Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

seguindo o criterio das PAU) por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerárase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valorarase os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura dos libros propostos como obrigatorios en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,7 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1 + \text{Dx}0,1.$$

2.8.7.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresarase en cifras, utilizando a escala numérica do 0 ao 10 e considerando positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.8.7.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B e C. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5. As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.8.7.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerarase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

Segundo o RRI, o alumnado que falte reiteradamente a clase perderá o dereito á avaliación continua, co cal a súa avaliación consistirá nun exame final de toda a materia que incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

2.8.8. Materiais e recursos didácticos

Traballarase con material elaborado polo profesorado que inclúe probas de acceso á universidade de cursos pasados.

PROGRAMA DE LECTURA

Ademais ofrécese un programa de lecturas optativas onde figuran obras de autores/as do programa de Lingua e Literatura Galega de 2º de bacharelato e outras. Neste programa de lectura, amplo e variado, só son válidos os títulos propostos polo profesor, que se poderán aumentar ou variar en función das necesidades do alumnado. O control das lecturas realizarase mediante probas orais ou escritas ás que os alumnos se deben de presentar co libro. Estas son as propostas de lectura para o inicio do curso:

Agnello Hornby, Simonetta. *A Mennulara*

Casares Mouriño, Carlos. *O sol do verán*

Fernández Ferreiro, Xosé. *Corrupción e morte de Brigitte Bardot*

Fernández Paz, Agustín. *A viaxe de Gagarin*

Gonsar, Camilo. *A noite da aurora*

González Reigosa, Carlos. *A guerra do tabaco*

Ishiguro, Kazuo. *Non me deixes nunca*

Koch, Herman. *A cea*

Méndez Ferrín, Xosé Luís. *Arraianos*

Monteagudo Folgar, Xosé. *As voces da noticia*

Paasilinna, Arto. *O bosque dos raposos aforcados*

Pena, Xosé Ramón. *Fado de Princesa*

Rivas Barros, Manuel. *Todo é silencio*

Vidal Blanco, Francisco Antonio. *Os pecados capitais*

Villanueva, Xosé Manuel. *Cuarteto con piano*

Waters, Sarah. *Rolda nocturna*

Tamén se poderán facer as seguintes lecturas de obras que figuran no programa de Lingua e Literatura Galega II (citamos por orde cronolóxica): *Na noite estrelecida* (1926), *Cousas* (1926), *Dos arquivos do trasno* (1926), *A fiestra baldeira* (1927), *De catro a catro* (1928), *O porco de pé* (1928), *Os camiños da vida* (1928), *Os vellos non deben de namorarse* (1941), *Á lus do candil* (1953), *Os eidos* (1955), *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), *A esmorga* (1959), *O crepúsculo e as formigas* (1961), *Memorias dun neno labrego* (1961), *Longa noite de pedra* (1962), *Xente de aquí e de acolá* (1971), *Zardigot* (1973), *Con pólvora e magnolias* (1976), *Herba de aquí e acolá* (1980), *Códice calixtino* (1986), *Arraianos* (1991), *Tic-Tac* (1993), *Morte de rei* (1996), *O libro das devoracións* (1996), *O lapis do carpinteiro* (1998), *O sol do verán* (2002) e *A noite da aurora* (2003).

2.9. 2º BAC. LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

Para o desenvolvemento da materia partimos da materia común *Lingua galega e literatura II* de forma que non se produza unha redundancia de contidos e se favoreza o afondamento na formación literaria do alumnado, permitindo a ampliación de coñecementos literarios. Por este motivo a lectura será a actividade fundamental, entendida como unha acción complexa que implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria.

2.9.1. Obxectivos

- ✓ Coñecer a creación literaria do século XX e da actualidade, utilizando de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais e apreciando a obra literaria como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal.
- ✓ Ler obras literarias, identificar nelas os aspectos formais e temáticos que as individualizan e valoralas como expresión da sensibilidade da persoa e da identidade cultural de Galicia.
- ✓ Comprender a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada e recoñecer nela as influencias literarias e non literarias.
- ✓ Valorar a riqueza temática da creación literaria do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diversas autoras e autores.
- ✓ Establecer relacións entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, explicando as conexións formais e temáticas existentes entre eles.
- ✓ Elaborar traballos sinxelos de investigación sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, utilizando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.

2.9.2. Secuencia de contidos

Os contidos desta materia preséntanse agrupados en catro bloques: o primeiro de contidos comúns, que estarán presentes no tratamento dos contidos dos restantes bloques; o segundo, prosa; o terceiro, poesía e o cuarto, a literatura e outras artes.

❖ BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- Lectura e interpretación de textos significativos.
- Identificación, en textos concretos, dos elementos que conforman o relato: técnicas narrativas, personaxes, tempo e espazo.

- Análise, en textos concretos, da relación entre estruturas, recursos literarios e contido.
- Análise, en diferentes textos, da obxectividade ou subxectividade que impregnan a obra literaria, así como da estrutura e técnica que a sustentan.
- Utilización, a partir da observación e análise de textos, dos elementos que conforman o relato.
- Elaboración de traballos, orais ou escritos, utilizando diversas fontes de documentación.
- Respecto pola diversidade da nosa creación narrativa contemporánea.
- Interese por compartir opinións sobre os textos lidos e analizados.
- Valoración da lectura como medio para o coñecemento da nosa realidade cultural e como fonte de pracer e enriquecemento persoal.
- Creación de textos nos cales se teñan presentes elementos literarios e non literarios.

Este bloque de contidos desenvolverase ao longo de todo o curso como parte fundamental do estudo dos restantes tres bloques.

❖ BLOQUE 2: A PROSA

- A prosa de ficción: relato curto e novela.
- Estrutura e técnica narrativa. Temática.
- A prosa de non ficción: o compromiso cultural.
- A crítica literaria.
- Artigo de opinión.
- Reflexión sobre o significado e a importancia de determinadas formas literarias na cultura do século XX e da actualidade.

Este bloque de contidos articularase nos seguintes temas:

- TEMA 1: Teoría e crítica literaria. Comentario de textos.
- TEMA 2: A literatura no tempo das Irmandades. A poesía no tránsito intersecular.
- TEMA 3: A prosa do primeiro terzo do século XX: ensaio, narrativa e teatro. O *Grupo Nós*.
- TEMA 5: A prosa de posguerra. A *Nova Narrativa*, o ensaio e o teatro.

➤ TEMA 7: A prosa galega actual: narrativa ensaio e teatro.

❖ BLOQUE 3: POESÍA

- A creación poética. A súa importancia ao longo do século XX e na actualidade.
- Temática: o paisaxismo. A poesía existencial. A poesía social. A poesía amorosa.
- Forma e linguaxe poética.
- Relacións intertextuais.
- As influencias literarias na creación poética.
-

Este bloque de contidos articularase nos seguintes temas:

- TEMA 1: Teoría e crítica literaria. Comentario de textos.
- TEMA 2: A literatura no tempo das Irmandades. A poesía no tránsito intersecular.
- TEMA 4: A poesía de vangarda.
- TEMA 6: A poesía de posguerra.
- TEMA 8: A poesía galega actual.

❖ BLOQUE 4: A LITERATURA E AS OUTRAS ARTES

- Texto literario e espectáculo teatral. A súa presenza no século XX e na actualidade.
- Temática e técnica teatral.
- Literatura e cine. Influencias.
- Debuxo e simbolismo. O texto, a imaxe e o contexto.
- Interpretación de obras nas clases nas que se integre texto e imaxe dentro dun determinado contexto.
- Identificación, a través da comparación de textos, da diversa temática e da técnica teatral ao longo da creación do século XX e na actualidade.

Este bloque de contidos articularase nos seguintes temas:

- TEMA 1: Teoría e crítica literaria. Comentario de textos.
- TEMA 2: A literatura no tempo das Irmandades. A poesía no tránsito intersecular.
- TEMA 3: A prosa do primeiro terzo do século XX: ensaio, narrativa e teatro. O *Grupo Nós*.
- TEMA 5: A prosa de posguerra. A *Nova Narrativa*, o ensaio e o teatro.
- TEMA 7: A prosa galega actual: narrativa ensaio e teatro.

2.9.3. Temporalización

A distribución de contidos ao longo do curso será a seguinte:

- 1ª AVALIACIÓN
 - TEMA 1: Teoría e crítica literaria. Comentario de textos.
 - TEMA 2: A literatura no tempo das Irmandades. A poesía no tránsito intersecular.
 - TEMA 3: A prosa do primeiro terzo do século XX: ensaio, narrativa e teatro. O *Grupo Nós*.
- 2ª AVALIACIÓN
 - TEMA 4: A poesía de vangarda.
 - TEMA 5: A prosa de posguerra. A *Nova Narrativa*, o ensaio e o teatro.
 - TEMA 6: A poesía de posguerra.
- 3ª AVALIACIÓN
 - TEMA 7: A prosa galega actual: narrativa ensaio e teatro.
- TEMA 8: A poesía galega actual.

2.9.4. Criterios de avaliación

- ❖ Ler e interpretar textos significativos da literatura deste período, sabendo relacionalos co contexto histórico e sociocultural.
 - ❖ Analizar textos, reflexionando sobre os seus recursos estilísticos e técnicos, e sobre a interrelación do contido coa forma.
 - ❖ Recoñecer en textos de diferente autoría a presenza dunha mesma temática e relacionalos con formulacións anteriores poñendo de relevo as diferenzas que os singularizan.

- ❖ Elaborar traballos sinxelos sobre obras de creación, explicando as características principais, achegando unha opinión persoal e utilizando de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas.
- ❖ Relacionar textos da literatura galega con outros de literaturas distintas, observando as posibles influencias e distinguindo as notas peculiares da nosa cultura literaria.
- ❖ Valorar a creación literaria en lingua galega como expresión dos sentimentos, ideas e ideoloxía, individuais e colectivos, e como medio para enriquecer a propia personalidade.

2.9.5. Contidos mínimos esixibles

- Lectura e interpretación de textos significativos.
- Identificación, en textos concretos, dos elementos que conforman o relato: técnicas narrativas, personaxes, tempo e espazo.
- Análise, en textos concretos, da relación entre estruturas, recursos literarios e contido.
- Elaboración de traballos, orais ou escritos, utilizando diversas fontes de documentación.
- Interese por compartir opinións sobre os textos lidos e analizados.
- Creación de textos nos cales se teñan presentes elementos literarios e non literarios.
- A prosa de ficción: relato curto e novela.
- Estrutura e técnica narrativa. Temática.
- A prosa de non ficción: o compromiso cultural.
- A crítica literaria.
- Reflexión sobre o significado e a importancia de determinadas formas literarias na cultura do século XX e da actualidade.
- A creación poética. A súa importancia ao longo do século XX e na actualidade.
- Temática: o paisaxismo. A poesía existencial. A poesía social. A poesía amorosa.
- Forma e linguaxe poética.
- Texto literario e espectáculo teatral. A súa presenza no século XX e na actualidade.

- Temática e técnica teatral.
- Literatura e cine. Influencias.
- Identificación, a través da comparación de textos, da diversa temática e da técnica teatral ao longo da creación do século XX e na actualidade.

2.9.6. Avaliación: criterios, procedementos e instrumentos

2.9.6.1. Criterios de avaliación

Avaliación inicial. Ao inicio do curso e ao comezar cada unha das unidades didácticas comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante unha avaliación inicial que se baseará, segundo o criterio do profesor, nunha proba escrita ou nas intervencións orais do alumnado na clase. Os seus resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, polo tanto, non afectarán ás cualificacións dos alumnos.

Avaliación formativa. Os alumnos e alumnas serán informados continuamente dos seus progresos no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lles vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, revisión do caderno de clase e corrección dos exercicios e traballos propostos. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais/nais e ao alumnado da evolución deste por medio da cualificación da avaliación (que se calculará de acordo coas especificacións recollidas no punto 3) e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, aos titores ou titoras de cada grupo.

Avaliación sumativa. Ao remate do curso, e dentro dos prazos establecidos legalmente, valorarase o rendemento académico do alumnado e a súa dedicación e esforzo a través da cualificación final, que se determinará tendo en conta as especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Cómpre subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, ademais da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado anterior, unha compoñente sumativa, xa que se toman como base para determinar a cualificación final de xuño.

2.9.6.2. Procedementos de avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Observación sistemática do traballo e a actitude do alumnado na clase
- Traballos individuais e en grupo realizados na casa ou na clase
- Presentacións e exposicións orais dos traballos
- Probas orais ou escritas que acrediten a lectura dos libros obrigatorios e voluntarios establecidos para cada nivel
- Caderno de clase dos alumnos

Cómpre lembrar, por máis que pareza evidente, que todas estas actividades deberán desenvolverse en galego, sendo este un requisito imprescindible para a súa cualificación positiva, porque non se poden desenvolver as competencias orais e escritas nunha lingua que non se usa e porque ademais do rendemento académico dos alumnos e alumnas debe valorarse a súa dedicación e o seu esforzo. Non hai que esquecer que un dos obxectivos fundamentais desta materia é que o alumnado aprenda a expresarse oralmente e por escrito con corrección e adaptación aos diferentes contextos e que, se non acadan un dominio aceptable da nosa lingua, nunca poderán ser libres de empregala cando o desexen.

2.9.6.3. Instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos:

- As propias producións dos alumnos (probas orais e escritas, traballos, caderno de clase, fichas ou probas de lectura)
- O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2.9.7. Criterios de cualificación

2.9.7.1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

APARTADOS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	OBSERVACIÓNS	PONDERACIÓN
A	Exames escritos e orais establecidos polo profesor de cada grupo	Cada exame valorarase de 0 a 10 puntos podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas	80%
B	Exercicios e actividades orais e escritas realizadas na clase ou na casa, caderno de clase e caderno do profesor: rexistro das incidencias da actitude do alumnado na clase	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos e será o resultado da media das cualificacións das actividades, o caderno de clase e a atención, esforzo, interese, comportamento e participación.	10%

C	Probas orais ou escritas de lectura con carácter obrigatorio ⁹	A nota deste apartado valorarase de 0 a 10 puntos	10%
---	---	---	-----

VALORACIÓN DE CADA UN DOS APARTADOS:

A valoración do **apartado A** farase de acordo cos seguintes criterios:

Nas probas escritas os exames incluírán unha parte teórica e unha parte práctica, representando cada unha delas como mínimo un 30% da proba. Para acadar unha cualificación positiva é imprescindible responder a cada un destes dous apartados. Sobre a cualificación global do exame poderanse descontar ata un máximo de dous puntos por erros ortográficos. Distinguiranse entre erros moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico galego) que se penalizarán con 0,2 puntos, erros graves (solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística) que se penalizarán con 0,1 puntos e erros leves (solucións discordantes co modelo estándar vixente) que se penalizarán con 0,05 puntos. No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando, retiraráselle o exame e será cualificado cun 0 (cero). O uso do teléfono móbil está completamente prohibido nos exames e considerarase, a todos os efectos, como unha forma de copiar.

No **apartado B** valoraranse os traballos e exercicios escritos do seguinte xeito: os contidos suporán o 80% da nota, a presentación o 10% e a redacción o 10%. No caso dos exercicios orais e as exposicións e presentacións dos traballos os contidos representarán un 50% da nota e a fluidez e corrección lingüística outro 50%. Os exercicios e traballos non presentados dentro do prazo esixido polo profesor cualificarase cun 0.

Tamén neste apartado, o profesor, baseándose na súa observación diaria da clase, valorará positivamente a atención prestada ás explicacións por parte dos alumnos, o respecto polos seus compañeiros e polo profesor, o seu esforzo á hora de facer os traballos e exercicios, o seu grao de participación na clase, a súa actitude positiva con respecto á materia e o seu interese por aprender...

No **apartado C** valorarase que o alumnado demostre a lectura do libro e a súa correcta expresión oral ou escrita, segundo o carácter da proba. É imprescindible demostrar a lectura do libro proposto como obrigatorio en cada avaliación para poder aprobar a materia.

Tendo en conta todo o anterior, e sempre e cando se superase o requisito imprescindible das lecturas obrigatorias, a cualificación de cada trimestre aparecerá indicada en cifras, podendo expresarse ata dous decimais, e obterase do seguinte xeito:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = \text{Ax}0,8 + \text{Bx}0,1 + \text{Cx}0,1.$$

2.9.7.2. Cualificación da avaliación

Segundo o establecido pola normativa vixente, as cualificacións serán consignadas na acta e no boletín correspondentes. Expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica

⁹ Cada profesor ofrecerá ao seu alumnado unha serie aberta de lecturas optativas, que servirán para mellorar a nota de cada avaliación de acordo cos criterios establecidos na clase.

do 0 ao 10 e considerando positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A nota mínima para obter un aprobado é o 5. Nos outros casos farase un redondeo, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior se é inferior.

2.9.7.3. Probas de recuperación

O alumnado que na avaliación obteña cualificacións negativas terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación. A nota obtida nesta proba representará o 70% da cualificación, á que se lle engadirán as porcentaxes correspondentes aos apartados B, C e D. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

As probas de recuperación da primeira avaliación terán lugar ao longo do segundo trimestre, nas datas indicadas polo profesor aos alumnos afectados, as da segunda avaliación faranse no terceiro trimestre e as da terceira a final de curso, nos derradeiros días lectivos de xuño.

2.9.7.4. Criterios para determinar a cualificación final

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA DE XUÑO

A cualificación da avaliación final ordinaria do mes de xuño será o resultado da media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Cómpre ter en conta que para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións, aínda que, excepcionalmente, tamén poderán aprobar os alumnos cunha avaliación suspensa se a nota non é inferior a 3 puntos e a media de todas as avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño poderá realizar outra proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e o horario fixado polo Centro. Esta proba será cualificada de 0 a 10 e considerase superada se a puntuación obtida é igual ou superior a 5 puntos. Esta proba incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria que o alumnado non demostrara ter lido durante o curso.

Segundo o RRI, o alumnado que falte reiteradamente a clase perderá o dereito á avaliación continua, co cal a súa avaliación consistirá nun exame final de toda a materia que incluírá preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

2.9.8. Materiais e recursos didácticos

Utilizaranse apuntamentos elaborados pola profesora e material multimedia, aínda que os principais recursos empregados na materia serán as obras literarias. Na aula e na casa leranse, en parte ou na súa totalidade, as obras do seguinte listado, que pode sufrir variacións segundo sexa o desenvolvemento da materia:

Ramón Cabanillas: *Na noite estrelecida* (1926)

Rafael Dieste: *Dos arquivos do trasno* (1926)
Rafael Dieste: *A fiestra baldeira* (1927)
Manuel Antonio: *De catro a catro* (1928)
Vicente Risco: *O porco de pé* (1928)
Ramón Otero Pedrayo: *Os camiños da vida* (1928)
Daniel R. Castelao: *Os vellos non deben de namorarse* (1941)
Ánxel Fole: *Á lus do candil* (1953)
Uxío Novoneyra: *Os eidos* (1955)
Álvaro Cunqueiro: *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958)
Eduardo Blanco-Amor: *A esmorga* (1959)
Xosé Luís Méndez Ferrín: *O crepúsculo e as formigas* (1961)
Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego* (1961)
Celso Emilio Ferreiro: *Longa noite de pedra* (1962)
Álvaro Cunqueiro: *Xente de aquí e de acolá* (1971)
Euloxio R. Ruibal: *Zardigot* (1973)
Xosé Luís Méndez Ferrín: *Con pólvora e magnolias* (1976)
Álvaro Cunqueiro: *Herba de aquí e acolá* (1980)
Luz Pozo: *Códice calixtino* (1986)
Xosé Luís Méndez Ferrín: *Arraianos* (1991)
Suso de Toro: *Tic-Tac* (1993)
Darío Xohán Cabana: *Morte de rei* (1996)
Pilar Pallarés: *O libro das devoracións* (1996)
Manuel Rivas: *O lapis do carpinteiro* (1998)
Carlos Casares: *O sol do verán* (2002)
Rosa Aneiros: *Resistencia* (2009)

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A organización do proceso de ensino e aprendizaxe esíxenos adoptar estratexias didácticas e metodolóxicas que orienten a nosa intervención educativa. Con iso, non pretendemos homoxeneizar a acción dos docentes, senón coñecer, e, se é posible, compartir os enfoques metodolóxicos que se van utilizar na aula.

Ademais das decisións últimas que o equipo docente debe tomar en torno aos criterios para a organización do ambiente físico (espazos, materiais e tempos), os criterios de selección e utilización dos recursos didácticos, os criterios para determinar os agrupamentos dos alumnos, etc., parece aconsellable comentar cales son os principios de intervención didáctica que deben orientar as actuacións do profesorado, de acordo coa concepción construtivista da aprendizaxe e do ensino. Esta concepción non pode identificarse con ningunha teoría en concreto, senón, máis ben, cun conxunto de enfoques que conflúen nuns principios didácticos: non se trata de prescricións educativas en sentido estrito, senón de liñas xerais, ideas-marco que orientan a nosa intervención educativa.

Tivemos en conta estes principios de intervención educativa, derivados da teoría da aprendizaxe significativa e que se poden resumir nos seguintes aspectos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
3. Facilitar que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar a actividade manipulativa e mental dos nosos alumnos e alumnas.
6. Tomar en consideración o contexto plurilingüe da nosa sociedade (que nos permite facer referencia a linguas como o latín, portugués, castelán, inglés, francés, alemán...) para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe do noso idioma no seu contexto europeo.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente xiran en torno a unha regra básica: a necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas e funcionais. Por iso, cando formulamos como ensinar, adoptamos unha metodoloxía que asegure que as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas sexan verdadeiramente significativas.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unha serie de condicións, que podemos resumir nos seguintes puntos:

- a) O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que concirne á estrutura psicolóxica do alumnado.
- b) O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil.
- c) Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.
- d) Os alumnos e as alumnas deben ter unha actitude favorable para aprender

significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contidos novos con aqueles que adquiriron previamente.

- e) As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ao mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.
- f) É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.

Os alumnos e as alumnas posúen en todas as súas aprendizaxes unha serie de ideas previas. Na área de Lingua e Literatura o obxecto de estudo é a propia lingua. Isto fai que o alumnado parta, por un lado, dunha serie de coñecementos previos adquiridos a través da aprendizaxe e, por outro, dos que construíu como usuario.

A selección e organización dos contidos na etapa persegue que o alumnado progrese e se perfeccione de forma sistemática na súa competencia comunicativa e que, de forma simultánea, incrementa progresivamente os seus coñecementos acerca da lingua, os sistemas de comunicación verbal e non verbal e a literatura.

As diversas destrezas e a súa concreción na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos secuencianse para que accedan a diferentes niveis de complexidade atendendo á madurez do alumnado.

Tendo en conta estes aspectos, os principios metodolóxicos que fundamentan e animan o proceso de ensino-aprendizaxe na área de Lingua Galega e Literatura son os seguintes:

1. *O ensino-aprendizaxe da lingua é comunicación.* Se este principio é válido para a educación en xeral, moito máis o será nunha materia que ten como fin último o desenvolvemento da comprensión e a produción de textos.

2. *O ensino da lingua implica a exercitación dos procesos cognitivos complexos: comprensión e produción.* Ao ser inseparables estes procesos da comunicación oral e escrita, a metodoloxía para a materia propicia e necesita da realización de actividades moi vencelladas ao cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso, etc.

3. *O ensino da lingua implica a extensión do concepto de competencia lingüística á pragmática.* A materia debe proporcionar coñecementos sobre a propia lingua, pero tamén a capacidade para intervir no discurso e actuar con coñecemento das convencións pragmáticas.

4. *O ensino da lingua debe fomentar a creatividade.* Existe unha estreita relación entre o cultivo da imaxinación e a creatividade e a aprendizaxe da Lingua e a Literatura. A resolución dos problemas que presenta a comunicación esixe estratexias de creatividade. Por outro lado, a literatura como expresión artística é un exercicio permanente de creatividade e de comprensión dos seus mecanismos.

5. *O ensino da lingua debe adecuarse ao suxeito da aprendizaxe.* A metodoloxía debe axustarse ao desenvolvemento socio-afectivo, persoal e cognitivo do alumno. Así, hanse de ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa idade e

á proximidade e interese dos contidos co que han de exercitar as destrezas comunicativas.

6. *O ensino da lingua debe fomentar o hábito de ler e o pracer como lector.* O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura.

4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito diferencial que caracteriza á especie humana é unha realidade insalvable que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa aos docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

A expresión "atención á diversidade" non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os escolarizados en cada clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e as alumnas debe garantirse dende o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumnas, e alumno concreto).

O carácter opcional dalgunhas áreas no último ano, o progresivo carácter optativo ao longo da ESO, os distintos graos de adaptación individualizada, o reforzo educativo, as adaptacións curriculares, a diversificación curricular e os programas de cualificación profesional inicial son os elementos que constitúen unha resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se formulan no proceso educativo.

A LOE responde á diversidade co concepto de adaptación curricular. Non se propón un currículo especial para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, senón o mesmo currículo común, adaptado ás necesidades de cada un. Preténdese que estes alumnos e alumnas alcancen, dentro do único e mesmo sistema educativo, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Para atender á diversidade, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco de cada centro e de cada aula concreta.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a) Ordinarias:

- Adaptación do currículo da ESO.
- Reforzo educativo.
- Optatividade.
- Orientación educativa e integración escolar.

b) Específicas:

- Adaptacións curriculares
- ACI
- Programas de diversificación curricular.
- Programas de cualificación profesional inicial e ESA.

4.1. Programas de diversificación curricular

No que se refire á programación dos PDC, estes aparecen detallados no apartado correspondente dos cursos 3º e 4º.

4.2. Programas específicos personalizados

O alumnado repetidor de 1º e 2º de ESO (e de xeito máis puntual o de 3º) contará con caderniños de reforzo e actividades programadas polo profesorado da súa aula. Empregamos, neste sentido, aínda que non exclusivamente, os materiais e actividades de atención á diversidade publicados pola editorial Anaya. Contamos, tamén, con clases para alumnos pendentes de ESO e Bacharelato, con programas de reforzo e con agrupamentos que se establecen en función das necesidades que se van detectando. Nos casos que así o requiren, ofrécese ao alumnado atención individualizada e hai clases de apoio externo nas que nos valem da colaboración dos profesores de apoio do noso centro.

5. AVALIACIÓN EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

Segundo o RRI, o alumnado de 1º e 2º de Bacharelato que falte reiteradamente a clase perderá o dereito á avaliación continua, co cal a súa avaliación consistirá nun exame final de toda a materia que incluírá, se o profesor o considera oportuno, preguntas sobre os libros de lectura obrigatoria.

6. MATERIAS PENDENTES

6.1. Plans de traballo para superación de materias pendentes na ESO

Os alumnos e alumnas dos cursos da ESO que teñan a Lingua Galega pendente serán obxecto dun seguimento especial por parte do profesorado da área. En caso de superaren esta materia no curso no que se atopan actualmente, quedaralles aprobado automaticamente o curso anterior, entendendo o Departamento que quedan cubertos os obxectivos desta maneira.

Por outra parte, haberá unha hora semanal de clases de recuperación voluntarias nas que o alumnado irá realizando actividades supervisadas polo profesorado. A asistencia e realización das tarefas contará un 10% na nota final do curso pendente. Este alumnado tamén ten dereito ao exame extraordinario de maio, igual que o alumnado de 2º de bacharelato.

6.2. Procedementos para a cualificación das materias pendentes

(E da nota final do curso para o alumnado que asiste a programas de reforzo con atribución horaria na ESO)

Os alumnos e alumnas pendentes da ESO que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura deberán presentarse a un exame extraordinario nos meses de febreiro, maio e setembro (cada alumno pode presentarse a un máximo de 2 convocatorias).

Para aprobar este exame deberán obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso dos alumnos e alumnas que asistan regularmente á hora semanal de recuperación (voluntaria), este exame suporá un 90% da nota e a asistencia e seguimento das tarefas propostas polo profesorado contarán un 10%.

Polo que atinxe aos criterios de cualificación para o alumnado que asiste a Programas de Reforzo, dadas as características desta materia, adaptaranse os instrumentos e criterios de avaliación da seguinte maneira:

- Para o alumnado de 1º de ESO o profesorado de Reforzo e o da materia avaliarán conxuntamente, de maneira que a valoración do traballo do alumnado no Reforzo suporá o 25% da nota.
- Para o alumnado de 2º de ESO o profesorado de Reforzo e o da materia avaliarán conxuntamente, de maneira que a valoración do traballo do alumnado no Reforzo suporá o 25% da nota.

Tanto o profesorado de Reforzo como o da materia seguirán os criterios de cualificación establecidos nos apartados A, B, C e D para a avaliación do alumnado.

6.3. Actividades de seguimento das materias pendentes no Bacharelato

Os alumnos e alumnas de bacharelato deberán superar un exame extraordinario que terá lugar nas mesmas datas que o do alumnado pendente da ESO. Para aprobar este exame deberán obter unha cualificación igual ou superior a 5. No caso dos alumnos e alumnas que asistan regularmente á hora semanal de recuperación (voluntaria), este exame suporá un 90% da nota e a asistencia e seguimento das tarefas propostas polo profesorado contarán o restante 10%.

7. TEMAS TRANSVERSAIS NA ESO

Os obxectivos esenciais da educación actual non se limitan á formación cultural do seu alumnado, senón que inclúen, ademais, a formación cívico-ética dos alumnos e das alumnas en todos aqueles valores aos que aspira a sociedade, de aí que teñamos en conta non só aspectos conceptuais e/ou habilidades ou procedementos que o alumnado debe adquirir, senón tamén as actitudes, os valores e as normas que será aconsellable traballar desde o punto de vista educativo.

Conscientes disto, temos en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos de coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque multidisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos coma nos contidos de todas as áreas e materias que conforman o currículo

En suma, asumimos e tratamos os Temas Transversais e a Educación en Valores non como un anexo ou complemento, senón como algo inherente e intrínseco ao propio Proxecto e que podemos resumir nos seguintes ámbitos:

* Educación para a Saúde e a Calidade de Vida

Tanto física coma mental e psicolóxica: os problemas do alcohol e o tabaco, a alimentación, o deporte...

* Educación Ambiental

Máximo respecto polo medio no que vivimos e do que vivimos. A ecoloxía é un dos temas máis candentes da actualidade: o cambio climático está a provocar a desaparición de especies do reino animal e vexetal, o desxeo, a suba das temperaturas, o cambio climático...

* Educación Sexual

Acercarse ao mundo do sexo sen tabús nin falsos prexuízos por razón de sexo. Fomentar o respecto ante a igualdade de oportunidades, o equilibrio psicolóxico e sempre tratando de conseguir que as relacións de parella sexan sas, abertas e satisfactorias. Inculcarlles tamén o respecto polas diferentes maneiras de vivir a sexualidades: hetero, homo...

* Educación do Consumidor

Formalos na mentalidade de que as compras deben ser as necesarias, evitando no posible fuxir dunha sociedade enormemente mercantilizada de consumo irresponsable. Nun momento dunha importante e crecente deslocalización empresarial, comercial e industrial na busca do maior beneficio, producindo en países pobres do terceiro (e cuarto) mundo e moitas veces mediante a explotación dos obreiros (moitas veces emigrantes doutros países máis pobres) e mesmo vulnerando a idade mínima para traballar, como é o caso da explotación dos nenos.

* Educación para o Lecer

Ademais de informar sobre os perigos da vida sedentaria, o abuso de videoxogos, televisión, etc., e o acceso indiscriminado ás redes sociais abordaremos os xogos tradicionais e os beneficios da vida ao aire libre.

* Educación Viaria

Este tema é cada vez máis valorado como un aspecto básico de respecto aos demais e a un mesmo. Respetar, como condutor ou viandante, estas normas, redonda nunha redución dos accidentes viarios, tan frecuentes e causa de tantos dramas familiares.

8. TEMAS TRANSVERSAIS NO BACHARELATO

No Bacharelato seguirán traballándose os temas transversais desenvolvidos na ESO; mais trataranse, tamén, outros máis acordes coa idade do alumnado deste nivel, en moitos casos xa superior aos 18 anos.

- * O mundo do traballo e as relacións laborais
- * Os avances técnicos: os seus límites técnicos e tamén éticos
- * A globalización: vantaxes e desvantaxes s dos diferentes aspectos: política, económica, social, cultural...
- * A emigración
- * A música
- * O turismo
- * O cambio climático

9. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

O propio currículo da materia desenvolve contidos relacionados coa convivencia das linguas no marco do Estado e da Unión Europea, así como a evolución da lingua galega, temas nos que teñen un peso específico os valores de respecto e tolerancia.

Tamén no desenvolvemento da materia nos distintos cursos abordamos a educación en valores fomentando actitudes de respecto e convivencia e a solución pacífica de conflitos. Ademais propoñemos lecturas nas que se aprecia a presenza dos valores para o seu comentario crítico. Os valores aos que prestamos maior atención son:

* Educación Moral e Cívica

A convivencia cotiá, nos diferentes aspectos da vida, precisa que se amose o máximo respecto polas normas básicas, con actitudes sociais solidarias, dos distintos ámbitos e nas diferentes partes do mundo.

* Educación para a Paz

Inculcarlle ao alumnado a idea de que a paz entre os distintos pobos e nación do mundo e fundamental. Os conflitos nacionais e/ou internacionais son o xerme para violación das máis elementais regras e dereitos de respecto e convivencia entre as distintas razas e culturas do mundo. Os textos, pois, incidirán nesta idea sobre todo un momento de gran globalización económica que debe estenderse aos ámbitos sociais e culturais.

* Educación para a Igualdade entre os Sexos

A educación para a igualdade de oportunidades para ambos sexos pódese traballar dende:

- A Linguaxe non discriminatoria nas relacións diarias e nos textos empregados.
- Corrección de prexuízos sexistas e discriminatorios en comportamentos, roles, lingua...
- Potenciar a autoestima dos dous xéneros por igual. Acercarse á realidade corporal como expresión da propia personalidade. A igualdade en todas as parcelas vitais: traballo, fogar, deporte, lecer...

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O departamento de Lingua Galega e Literatura participa activamente no Equipo de Biblioteca, na redacción do proxecto lector e nas actividades programadas polo mesmo.

As actividades incluídas en dito proxecto que leva a cabo o noso departamento aparecen explícitas na programación de cada curso enunciadas anteriormente.

En 1º de ESO trabállase cunha biblioteca de aula para promover a lectura do alumnado deste nivel e confeccionaranse Diarios de Lectura.

En 2º trabállase lendo un mínimo de dous libros por avaliación e cubrindo a correspondente ficha de lectura.

En 3º e 4º de ESO dedicarase un período semanal á lectura en voz alta das obras que figuran na programación dos respectivos cursos. Ademais, o alumnado debe ler cando menos un libro por avaliación dos propostos polo profesorado (figuran na programación dos respectivos cursos).

En 1º de Bacharelato o alumnado debe ler cando menos un libro por avaliación dos propostos polo profesorado (figuran na programación dos respectivos cursos).

En 2º de Bacharelato ofértase, para todo o alumnado, un amplo programa de lecturas optativas.

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Os efectos no uso das TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) na escola lévannos desde cuestionarmos a mesma razón de ser das institucións educativas ata a

formación de alumnado e profesorado, a forma de ensinar e de aprender, a estrutura organizativa dos centros, etc.

Podemos enumerar as características máis salientables:

- Fonte de información.
- Canal de comunicación interpersonal e de traballo colaborativo.
- Medio de expresión e de creación.
- Instrumento cognitivo para procesar información
- Instrumento para a xestión dos centros: secretaría, acción tutorial, asistencias, bibliotecas.
- Recurso interactivo para a aprendizaxe...

Creemos que as tres razóns primordiais da implantación das TIC na clase son:

- A alfabetización dixital.
- A produtividade.
- A innovación das prácticas docentes.

O seu uso posibilita ademais novos procesos de ensinanza-aprendizaxe, novos escenarios, así como novas políticas educativas. Neste sentido hai que destacar a implantación do proxecto ABALAR en 1º e 2º da ESO. Os alumnos e as alumnas realizan, nas aulas, exercicios interactivos, consultan a prensa, manexan dicionarios, buscan información e desenvolven moitas outras actividades, algunhas delas programadas (actividades interactivas do libro de Anaya) e outras que van xurdindo no día a día.

Nas materias impartidas por este Departamento utilizamos as TIC na aula para a realización de tarefas no 1º ciclo da ESO. En 3º e 4º utilizamos a Aula Multimedia para buscar información e elaborar traballos, favorecendo o acceso universal ás novas tecnoloxías e a alfabetización dixital.

En todos os cursos utilizamos material multimedia como fonte de información, propiciando a análise crítica da realidade.

Tamén se potencia o uso racional das TIC como medio de interrelación, fomentando a participación en distintos blogs do centro e algunhas redes sociais.

Todo isto supón un gran avance na autonomía de aprendizaxe do alumno, pois atopan a súa práctica máis atractiva, acceden a múltiples recursos didácticos, personalizan os procesos de ensino-aprendizaxe, poden autoavaliarse, gozan de máis proximidade co profesor, flexibilizan e descentralizan os estudos e amplían a rede de contactos, a colaboración e o traballo en grupo.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Os obxectivos xerais contemplados no Plan de Convivencia son:

- * Aprender a convivir en paz e democracia.
- * Mellorar o clima de convivencia do centro, creando unha atmosfera educadora e solidaria.
- * Prever situacións que deteriores o clima de boa convivencia.
- * Resolver as situación de risco ou problemáticas específicas que se produzan, aproveitándoas para extraer unha aprendizaxe que nos faga mellores cidadáns e mellores persoas.

A estes obxectivos xerais hai que engadir unha serie de obxectivos específicos a desenvolver tendo en conta os distintos membros da comunidade educativa, de maneira que

podemos concretar accións que favorezan a convivencia e integración de cada un dos grupos que integran no centro.

Así, no que respecta ao alumnado, a nosa materia contribúe co tratamento dos temas transversais e a educación en valores detallada en apartados anteriores. Ademais promoverase a participación do alumnado na toma de decisións que afecten ao centro e na vida democrática do mesmo, apoiando o proceso de elección de delegados de aula, favorecendo a súa asistencia ás reunións e facilitando o seu labor.

En canto á integración das familias na vida do centro, participaremos nas actividades propostas pola dirección e facilitaremos o contacto directo, sexamos titores/ ou non, cos pais/nais flexibilizando o noso horario de atención ás familias. Tamén favoreceremos o intercambio de información utilizando as novas tecnoloxías como canle para comunicacións, tanto sobre a programación como sobre a evolución académica do alumnado.

Ademais destas accións contribuiremos á difusión do ideario do centro e do RRI entre a comunidade educativa para favorecer o cumprimento das normas, fundamentais para manter un clima axeitado no que desenvolver a actividade educativa.

Por outra parte, dous membros do Departamento forman parte do Servizo de Mediación Educativa.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Lingua Galega participa na programación xeral de actividades extraescolares organizadas polo IES N^o1 de Ribeira, concretamente naquelas centradas no noso ámbito e que, a modo de resumo, serían as seguintes:

Semana Cultural

Día das Letras Galegas

Actividades programadas polo Equipo de Normalización Lingüística

Actividades programadas polo Equipo da Biblioteca

Actividades programadas pola A21EG

Saídas organizadas pola vicedirección do centro (museos, teatro, visitas culturais)

14. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O alumnado poderá acceder á información sobre os contidos da programación que sexan do seu interese e sobre os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e de cualificación mediante calquera das seguintes vías: páxina web do instituto, consulta directa da programación en papel ou en formato dixital (envíase a dirección e a todos os membros do Departamento de Lingua Galega nos primeiros días do curso e atópase no centro a disposición de quen a queira coñecer); entrega, por parte do profesorado, dunha copia específica que resume os aspectos máis importantes da mesma.

15. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

A avaliación da programación farase durante todo o curso nas reunións periódicas de departamento e mediante a memoria anual, introducindo os cambios que fose preciso na programación do próximo curso.